



andaina

cine e audiovisuais

# andaina 44

## SUMARIO

- 3 Editorial
- 4 Denuncias e comentarios
- 8 Manifesto orgullo LGBT galego 2006
- 10 Manifesto de mulleres pola paz
- 12 Un feminismo que tamén existe
- 16 Michel e Nathalie
- 19 Traballo sexual no mundo global:  
cuestión de dereitos, non de pánicos sexuais
- [Dossier] 24 O Cine de mulleres: da exclusión ao recoñecemento
- 28 Un filme político, por favor
- 32 Directoras
- 39 A muller no audiovisual galego
- 43 A reactualización dos vellos mitos cinematográficos
- 46 A rede da palabra con L e a construción  
do imaxinario social
- 50 Unha empresa de soños en mans de mulleres
- [Libros] 52 Prostitución y derecho en el cine
- 54 Libros sobre maltrato
- 60 Trabajar en la industria del sexo  
y otros tópicos migratorios
- [Cine] 62 Agua

Revista Galega de  
Pensamento Feminista

Verán, 2006

Apdo. 1058  
Santiago de Compostela

[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)  
[andaina@andainamulleres.org](mailto:andaina@andainamulleres.org)

### CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,  
Milagros Becerra, Felicia Estévez,  
Pilar Pérez Rey, Laura Gómez Lorenzo,  
Nadia Álvarez Fernández,  
Patricia Arias Chachero,  
Celia Balboa Guerra e  
Raquel Barreiro Paz

### COLABORAN NESTE NÚMERO

Áurea Sánchez  
Isabel Holgado Fernández  
Mercè Coll  
Margarita Ledo Andión  
Raquel Barreiro Paz  
Carmen Iglesias Rábade  
Anna Amorós Pons  
Laura Gómez Lorenzo  
Iria Vázquez Estévez  
Felicia Estévez  
Nanina Santos  
Celia Balboa Guerra

DISEÑO GRÁFICO  
CEBRA

IMPRIME  
Grafisant, S. L.  
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente  
coas opinións dos artigos que aparecen  
nesta revista

# EDITORIAL

**Andrés Hai, director do centro escolar de Portonovo, onde un grupo de rapaces e rapazas agrediron un compañeiro mentres outros coreaban e gravaban nos móbiles a malleira, dixo nun primeiro momento que os agresores non eran mozos conflictivos, que eran normais. Normais... como resultan fóra do ámbito familiar tantos homes que nas casas maltratan as súas compañeiras. Normais. Se iso é a normalidade a nosa sociedade precisa curarse dunha normalidade enferma.**

As relacións de maltrato son *esa lingua materna que se aprende*, e o acoso escolar, o maltrato no ámbito familiar e nas relacións de parella non son distintos, aínda que o seu exercicio sexa diferente polas relacións que implica e o ámbito no que se desenvolve.

O excitante pracer do poder!

Para agarrar ese touro polos cornos vén a *Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da violencia de Xénero* que elabora a Secretaría Xeral para a Igualdade da Xunta de Galicia dirixida por Carme Adán e da que se presentou o primeiro borrador a comezos de xuño prevendo que chegue ao Parlamento en novembro.

O borrador anticipa algunhas cousas de interese e outras problemáticas. Velaiquí as de maior calado:

Falta a **Exposición de Motivos** que explique o espírito da lei. Por qué razón se considera necesario facela e, tendo conta da recente *Lei Integral de Prevención de Violencia de Xénero* do Goberno Zapatero, que necesidades específicas, que particularidades ten Galicia para este empeño? Asemade a ampliación do concepto de violencia de xénero que a lei promove, que avantaxes ten?, quen poderá acollerse aos beneficios desa lei e como?

O uso do concepto de *violencia de xénero*, sempre equiparábel a **violencia contra as mulleres**, convertendo *xénero* en substituto de *mulleres*. Se se deu en chamar 'xénero' á construción social dos sexos, o xénero tanto é o masculino como o feminino. Se se que-re usar 'mulleres' é unha opción, porén *xénero* a secas non é un equivalente de *muller*.


Eludir a violencia exercida polas mulleres sobre homes nas relacións de parella hetero (aínda que a porcentaxe sexa pequena a

respecto da outra); no ámbito familiar —a nais, pais, fillas e fillos—, nas relacións lesbianas e no acoso laboral, coloca as mulleres no rexistro da inocencia no que se infantilizan e irresponsabilizan. «Como poderían acceder a unha posición ética se se imaxinan exentas da tentación do mal?», que di a filósofa e feminista François Collin. E, ademais, con que argumentos?

A un ano de aprobación da lei que permite as vodas de gais e lesbianas, celebráronse en Galicia nos últimos seis meses, de xullo a decembro do ano 2005, corenta vodas: 27 deles e 13 delas.

Para o difícil que é a cuestión de normalizar o desexo sexual e amoroso... en seis meses 40 non está mal, e mellor estaría que máis se animen a facelo, aínda que haxa progres que sustenten que iso de casar é pasar polo aro. Que aro? Un aro que non acepta a Igrexa, que proe a sociedade de orde e que segue creando expectación en toda a sociedade? Ese aro?

Parabéns a quen casastes desde aquí e a xente que o fixo desde xaneiro a agora. Estará ben que celebremos o aniversario o 3 de xullo de 2006, a un ano da entrada en vigor dunha lei tan estupenda! ☞



**A Cruz Vermella de Granada** crea unha biblioteca móbil para as prostitutas.

A unidade móbil da Cruz Vermella de Granada que cada mércores e venres en horario de 22.00 horas ás 4.00 da mañá atende as mulleres que exercen a prostitución nas rúas, incorporou desde o mes de novembro pasado un servizo de biblioteca. Segundo o informe da propia organización os resultados están sendo moi positivos.

Esta unidade móbil ten, entre outras funcións, a entrega de material preventivo, tramita a tarxeta sanitaria e mesmo imparte talleres e charlas informativas. Pero, sen dúbida, o éxito das actividades está no reparto do café, té e bizcoitos para facer unha pequena pausa no traballo. ☞

## Felicidades ao Club de Remo de Chapela

Felicidades desde as páxinas de *Andaina* ao Club de Remo de Chapela (Redondela) que conseguiu crear unha bandeira feminina de traíñas co patrocinio da Marcha Mundial.

Existen numerosos clubs de Galiza que teñen remeiras dispostas a reivindicar que esa categoría se convirta en oficial, pero atópanse coa dificultade de organizalas de xeito oficial ao non atopar patrocinio de *bandeiras*.

Nas categorías oficiais de remo, non está recoñecida a categoría feminina de traíñas e os xuíces non aceptan controlar esas regatas se non existe unha *bandeira*. ☞

## Hoxe é o día da lingua galega

O 17 de maio na Praza do Obradoiro citáronse rapaces, rapazas de distintos centros escolares e tamén persoeiros de distintas idades e tendencias para a lectura de poemas e textos de escritoras e escritores das nosas letras. Destacamos entre elas un parágrafo dun texto orixinal dunha alumna de 1º de bacharelato que nos pareceu interesante:

«Hoxe é o día da lingua galega, pero nós que usamos esta lingua a cotío, vemos como se modifica, como está en evolución constante. Se non fose así, no canto de falar galego estaríamos a falar latín.

A nosa realidade tamén cambia e a lingua medra tendo que buscar novas palabras para os novos elementos, para os novos inventos que aparecen na sociedade.

Hai un reto máis para o medre da lingua: facer visíbeis as rapazas, as mulleres.

Nos outras estamos nas aulas, nas empresas, nas fábricas, nos pavillóns de deportes, nas casas, nas rúas... temos, queremos ser nomeadas.

Esta nosa presenza vai provocar cambios na lingua, pero temos que facelos: os prexuízos, a inercia, o peso das normas gramaticais non poden ser un obstáculo.

A lingua galega ten moitos recursos para nomear rapaces e rapazas, homes e mulleres, poñámolos en práctica». ☞

## Acoso sexual en Galicia

Galicia é a terceira comunidade, por detrás de Cataluña e Andalucía, con máis acoso sexual no traballo. Un estudo do Instituto de la Mujer, *El acoso sexual a las mujeres en el ámbito laboral*, revela que un 16,4% das traballadoras galegas sufriron acoso. Diferénciase o «acoso técnico» (comentarios sexuais, achegamentos excesivos) do «acoso declarado» (bicos, apertadas, presións para obter sexo a cambio de melloras...). O estudo tamén indica a pouca confianza que as mulleres vítimas de acoso teñen na protección da empresa. Só no 8,3% a empresa actuou cambiando de centro de traballo ao acosador ou despedíndoo. ☞



**M.ª José Urruzola Zabalza** morreu en Bilbao aos 65 anos.

Era profesora de Filosofía e Ética, Asesora de Coeducación durante dez anos nos Centros de Orientación Pedagóxica e Centros Escolares do

Departamento de Educación do Goberno Vasco, desde onde impartiu máis de 300 cursos de formación ao profesorado e ponencias sobre educación non sexista. Escribiu unha serie de guías educativas para nenas e adolescentes nas que se tratan temas como a violencia e a educación sexual e que lle valeron premios de diferentes institucións.

Desde ben nova militou na esquerda. Foi fundadora do Colectivo Feminista Lambroa; da revista *Lanbroa*; das asociacións feministas Emilia Pardo Bazán e Emaizta. Foi cofundadora da Confederación de Organizacións Feministas, plataforma desde a que se presentou ás eleccións europeas de 1999. Tamén estaba M.ª José na fundación do Partido Feminista de Euskadi (Alderdi Feminista) no ano 2000 e na redacción do seu órgano de expresión *La Voz del Partido Feminista*.

Desenvolveu unha grande actividade na loita feminista e sempre estaba presente nos actos e manifestacións como as do 8 de marzo, 25 de novembro ou alí onde se reclamase.

Desde aquí lamentamos a súa morte. ☞

## Que pasou?

Será certo, será verdade que os candidatos do benegá nas sete cidades galegas as próximas municipais van ser puro varón ?????

O ano anterior estabamos falando de paridade e por boca de Anxo Quintana poidemos escoitar que o benegá ía en serio coa cuestións das mulleres: a súa presenza na vida pública e en postos de responsabilidade porque elas valían tamén e era importante a súa aportación.

Que pasou? Amosaron as mulleres a súa menor valía e maior incapacidade?

Non hai mulleres suficientemente preparadas?

Cambiou de opinión o benegá?

Era só discuso electoral? ☞

**O 28 de xuño do pasado** ano celebrabamos por todo o alto a lei recentemente aprobada polo Goberno Zapatero que permitía, por fin!, casar a lesbianas e homosexuais que así o quixesen. Algo antes, aínda que coetaneamente expresaban o seu enfado e oposición os sectores carcas da sociedade.

Bastantes parellas deles e delas teñen casado, exercendo así un dereito e unha liberdade até entón negada, ancheando as liberdades, usándoas, poñendoas en práctica.

Neste novo *look* tan recente na nosa historia, o 27 de maio casaban en Madrid, Empar Pineda –unha lesbiana de toda a vida– e Cristina Garaizábal, colaboradora da nosa *Andaina*, sob oficios de Inés Sabanés, concelleira de Esquerda Unida e arroupadas coas cálidas palabras de Pedro Zerolo, Montse Oliván e Álvaro Garaizábal, coa celebración e ledicia de *amig@s*, *compañeir@s* de fatigas, de organizacións e familias consanguíneas.

Estas liberdades e dereitos irán contribuíndo a cambios nas mentalidades e prexuízos sinaladamente a respecto da socialización de nenos e varóns xoves e adultos aos que á homofobia constriñe e fai infelices: non chores, non sexas nenaza, deféndete, pelexa, non exprees abertamente as emocións, a tenrura... Sé home!

E namentras os nosos parabéns as noivas, xa casadas. ☞



## Operacións de cirurxía estética

Sabiades que o Estado Español ocupa o primeiro lugar europeo no número de operacións de cirurxía estética??? E o cuarto posto mundial??? Narices, tetas, pistoleiras, beizos... a retocarse. Cal é a razón???

Agora por 2000 euros fas mesmo a reconstrución dun hime que xa quería a Celestina, famosa por ser compoñedora de virgos. O seu nome científico é *himenoplastia* e a demanda é por razóns relixiosas, por tradición e algunha por capricho. ☞

## A pasar fame!!!

E que me dices das azafatas da Indian Airlines? Pois a pasar fame!!! Unha nova norma da empresa anuncia que as azafatas con sobrepeso terán un prazo de 45 días para pórse en forma se non queren quedar sen emprego. ☞

## Estrella Morente

Novo disco de Estrella Morente titulado *Mujeres* como homenaxe «a mulleres que abriron fronteiras de todo tipo, que derribaron barreiras que nos impedían medrar e que dalgún xeito son a representación de calquera muller porque estaban ou están cheas de maxia, de vida e de ilusión», en palabras da cantaora. Algunhas das mulleres ás que Estrella Morente canta son: Nina Simone, Susana Rinaldi, Chavela Vargas, Imperio Argentina, Carmen Linares... ☞

## Mulleres de portada


A Asociación de Mujeres Jóvenes de Asturias vén de publicar un estudo sobre os roles e estereotipos de xénero que se advirten nas revistas femininas xuvenís.

Para facer esta investigación utilizaron as seguintes revistas dirixidas a mulleres xoves e adolescentes: *You, Glamour, Ragazza, Mujer 21, Superpop, Nuevo Vale, Loka e Bravo*. Baseáronse nas publicacións realizadas entre xuño e outubro de 2005.


Un dos principios obxectivos da investigación é demostrar o impacto e a influencia que estas revistas poden ter nas xoves, potenciando problemas como os relacionados coa saúde (trastornos da imaxe...) e as relacións afectivas non sas ás que incitan a través de reportaxes excesivamente centradas na imaxe corporal, as dietas, a moda e a preocupación por atraer, conquistar e compracer os homes. A miúdo as propias revistas dirixidas a mulleres trátannos como obxectos sexuais e obvian temas tan importantes para o noso desenvolvemento como os estudos, cursos, familia, traballo, etc. e nas poucas ocasións en que se nomean estes temas distorsiónanse de tal xeito que rematan estando centrados outra vez nunha relación subordinada aos homes (por exemplo, cómo *ligar* en clase...) ou centrándose na moda, con exemplos de roupa que levan determinadas mulleres ao traballo para ir á última, no canto de se centrar nos méritos destas mulleres para obter estes traballos.


En xeral este estudo reflicte que estas revistas expresan como únicas as relacións heterosexuais, incitan a un consumismo inalcanzábel en moitos casos para a poboación xuvenil e ademais transmiten modelos de vida, comportamentos e hábitos sociais erróneos, idealizando persoas con logros pouco sinalados e falta de iniciativas profesionais, máis alá do mundo da canción, a moda ou o cine. Invisibilizan unha gran parte da poboación feminina sen aportar outras posibilidades de traballo ou estudos, fóra do mundo da imaxe, o marketing e o *glamour*. ☞



Temos noticia de que o maxistrado Esteban Campelo Iglesias da Audiencia de Cantabria, recomendou a un matrimonio separado que fose á Igrexa Católica para reconciliarse, xa que a súa ruptura debeuse á intervención do *maligno* (así denomina a nova parella do marido). 



**Mukhtar Mai**, foi calificada como «a muller máis valente do mundo». Esta muller paquistaní de Meerwala, unha pequena aldea do sur da provincia de Punjab, foi brutalmente violada por catro homes para vingar unha suposta ofensa de honor. O seu irmán estivera paseando cunha moza dunha casta superior e a familia desta xove raptouno durante varios días e sodomizouno. Pero o consello tribal tradicional, que actúa nas zonas rurais sentenciou que Mukhtar tamén debía pagar, porque a vinganza en Paquistán exerceuse sobre a muller. Outras rapazas na súa mesma situación suicídanse para librarse da humillación dunha violación, pero a violación de Mukhtar traspasou as fronteiras e iso obrigou o Goberno paquistaní a intervir para que se xulgase os culpábeis. Cos cartos que lle ofreceu o Goberno como indemnización creou unha escola para que as nenas do seu país non sexan analfabetas como o foi ela. O seu lema é *combater a opresión a través da educación*. 

rrior e a familia desta xove raptouno durante varios días e sodomizouno. Pero o consello tribal tradicional, que actúa nas zonas rurais sentenciou que Mukhtar tamén debía pagar, porque a vinganza en Paquistán exerceuse sobre a muller. Outras rapazas na súa mesma situación suicídanse para librarse da humillación dunha violación, pero a violación de Mukhtar traspasou as fronteiras e iso obrigou o Goberno paquistaní a intervir para que se xulgase os culpábeis. Cos cartos que lle ofreceu o Goberno como indemnización creou unha escola para que as nenas do seu país non sexan analfabetas como o foi ela. O seu lema é *combater a opresión a través da educación*. 

Boletín  
de subscrición



# andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

Nome .....

Apelidos .....

Enderezo .....

Localidade ..... Código Postal .....

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº .....

Prezo: *Tarifa normal*  15 € ano

*Tarifa de apoio*  16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancária á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data .....

Bco/Caixa ..... Oficina .....

Localidade .....

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade ..... Oficina .....

Dc ..... Nº de conta .....

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome .....

Apelidos .....

Sinatura do/a titular da conta:



# Manifesto Orgullo LGBT

Reproducimos o Manifesto do Día do Orgullo LGBT Galego.

Deixamos atrás un ano 2005 no que a reforma do Código Civil significou un paso adiante cara a consecución do noso obxectivo de acadar a igualdade plena e real. Custou moito traballo, pero por fin podemos dicir que xa non somos cidadáns de segunda, cando menos fronte a lei.

No entanto, non debemos caer no erro de pensar que todo está feito. A realidade do día a día das lésbicas, gays, bisexuais e transexuais non é todo o amábel que nos gus-



taría. As denuncias de agresións por homofobia, que nos chegan as asociacións que traballamos na Galiza, aumentaron neste ano. Esta é unha realidade que dificilmente pode cambiar o Goberno, é responsabilidade de todas e todos nos, do conxunto da sociedade, acabar con este problema, con estas actitudes retrógradas. Esta é a razón pola que nos xuntamos hoxe aquí, baixo o lema TRANSFORMA A REALIDADE, que reflicte a capacidade que cada un de nós ten de cambiar a realidade que lle rodea rompendo cos prexuízos.

Estamos estes días a presenciar un debate que nos atinxe, un debate que afecta moi especialmente os nosos compañeiros e compañeiras transexuais. Son todas e todos eles, os grandes esquecidos, persoas que cada día teñen que facer fronte as dificultades que supoñen o descoñecemento, os prexuízos, a discriminación laboral... fagamos todos un exercicio de comprensión e poñámonos na súa pel, quizais sexa este un bo primeiro paso para entender a súa situación. A colectividade transexual precisa do noso apoio agora máis ca nunca.





# galego 2006

Aínda que o Real Decreto do 8 de xullo de 2005 permite **modificar totalmente a partida de nacemento**, rompendo coa situación anterior, na que o antigo sexo seguía constando e o novo aparecía como un anexo, e a aplicación da **Directiva de Institucións Penitenciarias** permitirá ás persoas transexuais ingresar no módulo correspondente ao seu xénero, a pesar de que non o teñan legalmente recoñecido, a súa situación con respecto aos dereitos civís e sociais segue a ser vergoñentamente precaria.

Por todo isto reivindicamos:

① A aprobación dunha Lei Integral de Identidade Sexual:

► Que regule o dereito civil de tódalas persoas transexuais á recificación do nome e mención de sexo no Rexistro Civil e en tódolos documentos oficiais.


► Que garanta o dereito á protección da saúde das persoas transexuais, incluíndo o tratamento clínico integral de reasignación de sexo no catálogo de prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.

② O compromiso dos poderes públicos de contribuír á normalización e á integración da colectividade LGBT.

③ Que se garanta o dereito de todas as persoas a ser tratadas con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexual.

④ Que os medios de comunicación reflectan unha imaxe real e plural da sociedade dando cabida aos diversos tipos familiares existentes hoxe en día.

⑤ Que se incida no respecto a diversidade desde a ensinanza pública. Que o goberno promova unha ensinanza pública e de calidade que facilite un entorno seguro no que os fillos de parellas homoparentais poidan vivir abertamente a súa realidade familiar.

Encontrámonos agora nun momento clave, o contexto político é máis favorable ca nunca e temos que estar a altura das circunstancias, hai que seguir loitando a prol dunha sociedade madura e respectuosa coa diversidade, na que non teña cabida ningún tipo de discriminación. 



Mulleres parlamentarias vascas de todos os partidos, agás do PP, de organizacións políticas e sindicais de Euskadi, Navarra e do País Vasco francés presentaron o pasado 8 de abril un manifesto no que declaran a súa intención de procurar camiños para conseguir a paz e a reconciliación.

Reproducimos aquí o contido íntegro desta declaración.

### Declaración de Ahotsak

As que subscriben esta declaración somos mulleres de distintas ideoloxías, tradicións e sentimentos que, a título persoal, e partindo desde o que nos une e desde o que nos separa, queremos explorar pasos, cara adiante na procura da paz e da reconciliación.

Con esta declaración non pretendemos substituír nada nin ningún. Desde o lugar que ocupa cada unha, a nosa única intención é dar un pulo á situación actual e intentar axudar na procura de solucións aseverando que o diálogo sen prexuízos e sen condicións é un bo punto de partida como o é o respecto aos dereitos de todas as persoas.

Traballar por un presente e un futuro de esperanza obríganos a pór en valor unha militancia común á marxe da nosa propia: a militancia pola paz ante tantos sabotadores que a paz ten sempre en todos os conflitos nos que cómpre alumeala.

Creemos que as mulleres debemos ser, por tanto, axentes activas pola paz e participar nun novo proceso de esperanza que se debe abrir no noso pobo.

Na actualidade, e dado o modelo social no que vivimos, o protagonismo dos homes e as mulleres non é o mesmo na vida política do noso país. Aínda así e en tanto que padecemos as consecuencias dun conflito político que non nos é alleo, vimos a reivindicar a participación e o protagonismo que as mulleres tamén debemos ter á hora de procurar solucións. Debemos ser suxeitos activos da solución igual que fomos suxeitos do que ata agora ocorreu.

1) Por iso queremos que se poida abrir unha etapa nova baixo tres premisas básicas:

2) A consecución da paz é unha esixencia colectiva e unha prioridade política. É tamén unha tarefa de todas e todos e non consiste unicamente na ausencia de calquera violencia. O concepto de paz desde o noso punto de vista non está baleiro de contido, senón todo o contrario. Para nosoutras ten que ver coa democracia, a xustiza social, cun proceso de cambio que

permita á cidadanía dar por concluídos conflitos históricos, pechar unha páxina en termos de dereitos e liberdades.

Todos os proxectos políticos poden e deben defenderse. Non hai que impor ningún. Hai que procurar un escenario democrático que permita e garanta o desenvolvemento e a materialización de todos os proxectos en condicións de



# Manifesto de

igualdade, por vías políticas e democráticas.

3) Se a sociedade vasca, a cidadanía do País Vasco ou Euskal Herria desexa transformar, cambiar ou manter o seu actual marco xurídico-político, todos e todas deberiamos comprometer nos a respectar e establecer as garantías democráticas necesarias e os procedementos políticos acordados



Representantes de Ahotsak, nun acto celebrado na Fundación Galiza Sempre.

ver a parte de verdade que teñen as outras persoas. Para nosoutas, dialogar é o paso previo para acordar e iso é fortalecer a democracia, non debilitala.

Nosoutas non procuramos o éxito electoral nin a defensa da nosa opción política, sindical, social e cultural, non procuramos o aplauso de ninguén nin nos intimida a crítica feroz; anímanos pensar que paga a pena traballar para que as cousas non continúen igual, para facer críbel o camiño ao que sempre ata agora se chatou de imposible por quen non quere que teña solución.

As mulleres que subscribimos esta declaración, como o fixeron outras mulleres noutros procesos de paz, traballaremos para blindalo, para que non embarranque, para que non se frustrate. Así mesmo, para que as mulleres sexamos parte activa del, para reivindicar o noso papel e o noso protagonismo, tanto durante o proceso como na solución. En definitiva, traballaremos para establecer as garantías demo-

# mulleres pola paz


para que o que a sociedade vasca decida sexa respectado e materializado e, se fose necesario, tivese o seu reflexo nos ordenamentos xurídicos.

Neste senso, entendemos que tamén deberán abordarse os condicionantes que determinan a diferente participación social das mulleres e homes, a fin de que se garanta a igualdade de dereitos e

oportunidades inexistentes na actualidade. Isto leva ao recoñecemento dos nosos dereitos, os das mulleres, e só será posible desde o compromiso firme de todos os axentes partícipes no proceso.

As que subscribimos esta declaración cremos que é posible a solución, e pensamos que para iso todas e todos nos debemos recoñecer como tales, que debemos intentar

cráticas que permitan a participación de toda a cidadanía fortalecendo o proceso e a súa solución.

Por iso facemos esta achega, estamos dispostas ao contraste, ao diálogo, ao achegamento, á negociación, a pór todo o que estea da nosa parte na tarefa de construír a paz sobre as premisas que propoñemos. 

Donostia, 8 de abril de 2006.

# Un feminismo que tamén existe

O pasado 17 de marzo un grupo de feministas, algunhas delas pioneiras do movemento feminista no Estado español desde a década dos anos sesenta, presentaron o seguinte manifesto, co que queren facer visíbel a corrente de pensamento feminista que representan.

Nos últimos anos, desenvolveuse unha crecente actividade institucional e lexislativa que tivo como obxectivo abordar as desigualdades entre mulleres e homes e as dificultades específicas daquelas para integrarse de forma plena e igualitaria no tecido social. Esta actitude, indubidabelmente positiva, estivo impulsada polo lema feminista de *o persoal é político* e levou ao terreo dos debates e das actuacións públicas cuestións que durante moito tempo se consideraron propias do ámbito privado e, polo tanto, alleas á intervención institucional. Noutras palabras, o lexislador enfrontouse co problema da vida privada como posíbel fonte

de discriminación e opresión, coa importancia da vida laboral como resorte para adquirir autonomía e realización persoal por parte das mulleres, e coa difícil conciliación da vida familiar coa vida laboral e a actividade pública.

Nos dous anos do actual Goberno Zapatero, a actividade lexislativa no que se refire a asuntos que atinxen de maneira específica as mulleres foi intensa. Nun curto espazo de tempo aprobáronse a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a Lei pola que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio (parellas do mesmo sexo), a Lei pola que se

modifica o Código Civil en materia de separación e divorcio e o Plano Concilia. Tamén está pendente de tramitación unha Lei de Igualdade, da que o Goberno acaba de dar a coñecer o anteproxecto, a Lei de Dependencia, e prometeuse unha Lei de Mediación Familiar, así como a creación dun fondo de garantía de pensións para os casos de impago de pensións de divorcio, e unha Lei de Identidade de Xénero.

Todas estas medidas foron obxecto de debate, no só no plano das opinións estritamente políticas, senón tamén no terreo do feminismo. Houbo opinións feministas amplamente difundidas que apoiaron determinadas orientacións e



criticaron outras, de forma que o feminismo apareceu ante a opinión pública cunha soa voz e cunha única orientación, mentres que outras voces, como a nosa, representativas igualmente do feminismo, apenas puidemos ou soubemos facerlos escoitar.

Por iso hoxe queremos encher ese oco e facer chegar a nosa voz á opinión pública.

Queremos destacar como positivo o interese por abordar problemas que especialmente atinxen ás mulleres. Pero non podemos deixar de mencionar a preocupación que nos suscita o desenrolo dunha excesiva tutela das leis sobre a vida das mulleres, que pode redun-

dar nunha actitude proteccionista que volva a considerar as mulleres como persoas incapaces de exercer a súa autonomía. E parécenos tamén arriscado que tome corpo a idea de que só con leis se cambia a vida das persoas. Unha lexislación adecuada debe, sen dúbida, axudar, pero cremos que ademais cómpre o compromiso de facela cumprir cos controis e medios necesarios, e que é a mobilización social, a educación e a toma de conciencia individual e colectiva, tanto de mulleres como de homes, o que pode finalmente facernos conseguir os nosos obxectivos.

Dito isto, celebramos que por fin se teña recoñecido por Lei a

igualdade de dereitos das parellas independentemente da súa opción sexual e que se teña feito dunha maneira tan digna. Por outra parte, consideramos imprescindible que se cree o fondo de garantía de pensións como medida para responder á grave situación na que se atopan moitas mulleres separadas e divorciadas. Tamén instamos o goberno a presentar unha Lei de mediación familiar que sirva como desenvolvemento das medidas contempladas na chamada *Lei de Divorcio* e que teña en conta a liberdade e autonomía das mulleres. O Plan Concilia supón unha axuda para as mulleres para conciliar a vida laboral e familiar, ao mesmo

tempo que trata de implicar máis os homes nas tarefas de coidado de fillos e persoas dependentes, pero queda curta xa que só se refire ao funcionariado do Estado. A futura Lei de Dependencia pode supór un avance para mellorar a situación das mulleres con persoas dependentes ao seu cargo, sempre que se financie doadamente e se garantan os necesarios servizos públicos; por outra parte, suscita dúbidas a figura da coidadora familiar, porque pode contribuír a consolidar o papel das mulleres como coidadoras e a desincentivar o seu acceso ao mercado laboral.

Contemplamos, aínda así, con enorme preocupación as posicións

rante a tramitación de ambas suscitáronse reaccións moi diferentes entre as organizacións de mulleres. As discrepancias son tan grandes que cabe falar non só de posicións diferentes senón de diferentes concepcións do feminismo e diferentes modos de defender os intereses das mulleres dependendo do marco teórico ou filosófico desde o que se parta.

O enfoque feminista co que discrepamos defende determinados aspectos da Lei Integral contra a Violencia de Xénero que consideramos discutíbeis e dos que nos sentimos absolutamente alleas. Entre eles a idea do «impulso masculino de dominio» como único fac-

e a falta de educación sentimental que axuden a resolver os conflitos; o alcoholismo e as toxicomanías. Todas estas complexas cuestións, tan importantes para unha verdadeira prevención do maltrato, quedan difuminadas se se insiste, como se fai no enfoque da lei, no factor *xénero* como única e exclusiva causa.

Outro dos problemas de enfoque preocupantes neste tipo de feminismo e claramente presente nesta lei é a «filosofía do castigo» na que insiste: o castigo preséntase como a solución para poder resolver os problemas e conflitos sociais. O Código Penal adquire unha importancia desmesurada e enténdense como máis eficaces aquelas leis que contemplan penas máis duras. As situacións de maltrato teñen que castigarse, pero a experiencia demostra que máis castigo non implica menos delito nin maior protección para as vítimas, e este aspecto tamén se ten que ter en conta.

A polémica e as diferenzas entre correntes feministas volveron a manifestarse coa modificación do Código Civil en materia de separación e divorcio. A reforma presenta, entre outras, as seguintes innovacións: desaparece a necesidade de alegar causa xusta; suprímese a separación previa e acúrtanse os prazos; propónse a custodia compartida de menores de idade (ben sexa por mutuo acordo ou por decisión razonada do xuíz, e sempre en interese do menor), e propónse a mediación familiar para posibilitar acordos e tratar de desxudicializar o proceso de divorcio.

As reaccións críticas non se fixeron esperar. Unha delas, absolutamente razoábel e que ten que ver coas situacións de vida das mulleres, céntrase en que a Lei non propuxese solución ao impago de pensións, un dos principais problemas ao que se afrontan moitas sepa-

## As leis propostas polo Goberno español que provocaron e provocan máis opinións dentro do feminismo son a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei de Reforma do Código civil en materia de Separación e Divorcio

manifestadas polo Instituto da Muller sobre a prostitución, a que considera, sen máis matices, unha actividade indigna e degradante. Estas ideas, en liña co pensamento do feminismo puritano de reforma moral de finais do XIX, brindan unha boa excusa para manter as pésimas condicións nas que as prostitutas exercen o seu traballo.

As leis propostas polo Goberno español que provocaron e provocan máis opinións dentro do feminismo son a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei de Reforma do Código civil en materia de Separación e Divorcio. Du-

tor desencadeante da violencia ou como o aspecto determinante. Moitas mulleres feministas pensamos que este non é o único desencadeante e que habería que revisar outros moitos aspectos que seguen facendo posíbel a pervivencia da violencia contra as mulleres, tales como a estrutura familiar, entendida como núcleo de privacidade escasamente permeábel, que amortigua ou xera todo tipo de tensións; o papel da educación relixiosa e as súas mensaxes de matrimonio-sacramento; o concepto do amor, presente na sociedade e nas rapazas, polo que se sacrifica todo; as escasas habilidades

radas ou divorciadas. Ante esta obxección, o Goberno comprometeuse a crear un fondo de garantía de pensións para evitar o empobrecemento inxusto destas mulleres e dos menores ao seu cargo.

En cambio, outras críticas non son tan razoábeis e parecen derivarse dunha concepción do feminismo que nosoutras non compartimos. Díxose que un divorcio sen causa deixa as mulleres ao capricho dos desexos masculinos, que equivale ao repudio que priva as mulleres de acadar vantaxes sinalando un culpábel. Mostrouse aberta desconfianza ante a mediación familiar, por considerar que a mediación só se pode dar entre iguais e as mulleres sempre están nunha situación de inferioridade. Pero a maior oposición deste feminismo manifestouse ante a idea da custodia compartida dos fillos e fillas menores de idade. As críticas baseáronse, principalmente, en dous aspectos. Por unha parte, argumentouse que privar as mulleres da exclusividade na custodia equivale tamén a privarlas do dereito ao uso do domicilio conxugal e a pensión de alimentos, co que a súa situación económica pode chegar a ser dramática. Non queremos en modo algún negar que a situación dalgunhas mulleres tras un divorcio pode ser moi difícil, pero non está de máis sinalar que, a miúdo, é a custodia exclusiva de fillos e fillas a que dificulta que a muller poida refacer a súa vida ou manter a súa vida laboral, adquirir formación, atopar traballo, sen esquecer o difícil que resulta enfrontarse en solitario a responsabilidade do seu coidado e educación. Neste sentido, ter a posibilidade de compartir a custodia dos menores co pai pode facilitar que as mulleres retomen as rendas da súa vida, que se formen, atopen emprego, que se relacionen con outras persoas, disfruten de tempo de ocio e non se


adiquen en exclusiva ao seu papel de «nai». Ademais, segundo todos os estudos, existe un maior compromiso paterno á hora de responder ao pago das pensións cando a custodia é compartida, e parece lóxico pensar que un pai coidador dos seus fillos se comprometa en todos os aspectos que competen a estes canto máis preto estea deles.

Tamén se argumentou que as nais teñen unha relación máis estreita cos fillos e fillas cós pais pois son as que a cotío se ocupan deles, e mesmo chegouse a dicir que, en realidade, os pais non os queren, e só tratan de evitar pagar a pensión de alimentos. Parece unha conclusión aventurada afirmar, partindo da maior relación das nais cos menores, que estes han de estar sempre mellor coa nai que co pai ou que os pais queren menos os seus fillos. Tamén nos parece abusivo atribuír aos homes, con carácter xeral, intencións espurias ao solicitar a custodia e pensar que as mulleres só as move o amor maternal. Non nos cabe dúbida de que neste, como noutros casos, se pode intentar utilizar a Lei en proveito propio, falseando a realidade e sen contemplar todos os condicionantes, pero aquí, como en calquera outra situación, será labor dos profesionais do dereito defender as necesidades das persoas situadas en peores condicións, en xeral as mulleres que, por ter coidado da familia, se encontran sen medios propios de vida.

Estas opinións vertidas desde o feminismo parécennos carentes de matices e excesivamente simplificadoras, pois atribúen a situación das mulleres a un único factor: os desexos de dominación masculina, e tenden a presentar os homes e as

mulleres como dúas naturezas blindadas e opostas: as mulleres, vítimas; os homes, dominadores.

A imaxe de vítima fainos un franco favor a todas as mulleres, pois non ten en consideración a nosa capacidade para resistir, para facernos un oco, para dotarnos de poder, porque non axuda tampouco a xerar autoestima e pulo solidario entre as mulleres. Demasiado tempo temos sido consideradas menores de idade ou desprotexidas e sometidas a unha excesiva tutela das leis. E pódese dicir o mesmo da visión simplificadora dos homes; non existe, na nosa opinión, unha natureza masculina perversa ou dominadora, senón certos rasgos culturais que fomentan a conciencia de superioridade e que, exacerbados, poden en certos casos contribuír a converter algúns homes en verdadeiros tiranos.

Desde o noso punto de vista, o obxectivo do feminismo debe ser acabar coas condutas non igualitarias, coas condutas opresivas e discriminatorias; debe ser conseguir a igualdade entre os seres humanos, non aniquilar a quen discrimina ou oprime. Nosoutras non desexamos configurar un feminismo vingativo, desexamos simplemente relacións en igualdade, respectuosas, saudábeis, felices, na medida en que iso sexa posíbel, relacións de calidade entre mulleres e homes. 

ÁUREA SÁNCHEZ

Nathalie tiña 14 anos cando se converteu na noiva oficial de Michel; catro anos maior ca ela.

Aínda que levan nomes franceses, polas veas dos dous corre sangue magrebí. Pertencen á terceira xeración de emigrantes alxerianos na cidade de Toulouse.

Michel xa levaba anos á espera de que lle desen un traballo. Era dos fracasados. Dese 40% de escolares inmigrantes que non completa os estudos obrigatorios nos centros de ensino públicos destes barrios planificados polo Goberno da república.

Farto de buscar traballo e de ser rexeitado, decidiu abandonar. Para ter ingresos dos que dependían as súas tres irmás e a súa nai, decidiu aceptar un traballo de economía oculta, que consistía en mercar roupa e agasallos en Asia e revendelos a bo prezo en Francia. Michel era o cabeza de familia ó desaparecer seu pai, vítima dun infarto cando o rapaz contaba 11 anos.

Foi ó volver da primeira viaxe Tailandia, cando un día por sorpresa se veu atrapado na mirada de Nathalie, que vivía no mesmo portal ca el.



# Mich e



Cofecíanse desde sempre, pero foi aquela tarde cando unha especie de corrente eléctrica avanzou polo corpo do mozo ó vela vestida cunha saia curta que deixaba ver as pernas da moza. Era a primeira vez que a vía ó descuberto.

Esperouna varios días e, logo de asegurarse a qué hora volvía soa á casa, decidiu falarlle. Nathalie atendeu a conversa como algo único e esperado na vida. Na casa falaránelle do destino. *A pesar de vivir en Francia, débémonos á nosa cultura, ás nosas tradicións*, escoitou dicir.<sup>1</sup>

Ser a moza de Michel significaba –soubo Nathalie– aceptar todo o que el dicía, todo o que el propuña, todo o que a el lle apetecía. Se Michel quería ter relacións sexuais, porque a el lle apetecía, Nathalie tiña que aceptar.

Non tardou en sabelo. Unha tarde sucedeu. A Michel éralle imperioso e necesario descargar adrenalina e outras descargas. Tiveron relacións sexuais apresuradas, pero a el non lle preocupou que fosen axiña e sen comunicación. Coa entrega dela comezaban as condi-

cións sociais que o feito levaba engadido e que Nathalie descoñecía.

Cadrou que Michel viaxou de novo a Asia e tardou tres semanas en volver. O mozo tiña inimigos no barrio dormitorio de Toulouse. Tamén tiña amigos, pero había un ó que desafiara por razóns que non veñen ó conto. Había pouco do enfrontamento e as feridas non pecharan entre os dous. Ese inimi-

<sup>1</sup> <http://www.niputesnisoumises.com/>



# Michel Nathalie

go decidiu vingarse e non se lle ocorreu outra cousa que ventilar unha mentira entre os coñecidos do barrio: que Nathalie era unha puta, porque non levaba veo na cabeza e non respectaba a ausencia de Michel. Pouco tardou en correr o *disque, disque* como unha bola de neve. Cando volveu Michel nin sequera lle deu a Nathalie a prenda que lle traía de regalo como outras veces; polo contrario mandoulle recado que xa non era a súa noiva e que para sempre sería unha puta. Unha puta para os seus, unha submisas para o Goberno da República Francesa, que coaccionaba os inmigrantes para que se comportasen como europeos.

Baixo esta contradición, houbo mozas que saían dos bloques de edificios tapadas segundo a tradición familiar e se descubrían ó chegaren á cidade, co perigo de seren descubertas por esta dobre vida.

Que Nathalie fora unha puta para os veciños do seu barrio significaba que podían violala en grupo cantos quixeran, como sucedeu antes de que cumprira os 15 anos.

Ela era unha boa estudante, dese 60% que consegue rematar os estudos secundarios, pero non a deixaron, porque mozos do 40% restante, que si fracasan nos estudos cambiáronlle a vida.

Tivo que abandonar a cidade dormitorio e acollerse ó refuxio que lle proporcionaron asociacións de apoio a mulleres e pola igualdade.

O goberno francés asenta os inmigrantes desde os anos cincuenta do pasado século en determinados barrios. Ó principio só pensou en bloques de edificios de construción rápida e baratos, para unha poboación que remataría por volver ós seus países, pero non foi así. Os inmigrantes tiveron fillos e os fillos déronlles netos. Os adolescentes de hoxe son os netos deses primeiros inmigrantes que logo da II Guerra Mundial chegaron ó país veciño.

Fixéronlles barrios dormitorio con servizos básicos, moi básicos, como escola, algunhas tendas e ningunha igrexa. Esqueceron que os inmigrantes precisan seguir coas súas tradicións. Fixeron óidos xordos ás estatísticas: os empresarios rexeitan todo currículo que veña de determinado nome de persoa, de determinada escola pública, de determinado barrio da cidade.

Os pais de Michel e Nathalie eran dos que pensaban que os seus fillos se fundirían coa cultura do país que os acollía e por iso lles puxeron nomes de adopción. De nada lles serviu a unha e outra familia.

Mozas que escaparon dos suburbios de París dixeron no Gran Encontro feminista de Barcelona que comprobaron en carne propia o inútil que é remitir un currículo co nome propio, residencia e escola onde estudaron, porque non lles contestan. Pola contra, se cambian os datos verdadeiros por outros, si se interesan polas demandantes.

Estaban condenados a quedarse no barrio sen facer nada porque se un día xuntaban cartos para ir en tren á cidade, tiñan que roubar para volver a casa.

Así foi que logo de repudiar a Nathalie, Michel seguiu mercando roupa en Asia e vendéndoa en Toulouse. Entre viaxe e viaxe fíxose falso imán. Impartiu clases dubidosas de Corán nun garaxe e converteuse nunha especie de líder radical.

Nas súas intervencións públicas dedicaba agresivas frases contra as mulleres que non respectaban os costumes musulmáns. *Que se queden na casa e que poñan o veo*, viña a dicir.

Mentres no barrio continuaba radicalizándose o discurso islámico, nas aulas da Universidade da Sorbona tiñan lugar os primeiros encontros de mulleres inmigrantes que recoñecían ser viola-

das do mesmo xeito que Nathalie, que eran alcumadas *putas* para os seus familiares e veciños de barrio, mentres que para os franceses eran *submisas*.

Esa contradición na que vivían as mulleres inmigrantes en Francia non tiña apenas transcendencia nos medios de comunicación. A ninguén interesaba o que pensaban estas mozas. Só se soubo delas cando os varóns da casa decidiron queimar escolas, igrexas e coches nos seus propios barrios para protestar pola situación económica. Quen se ocupaba da cuestión emocional?

Comezou o desorde porque o goberno conservador decidiu retirar as axudas á mocidade, que vivía da esmola e sen emprego.

*La grandeur de La France* non podía soportar un descrédito como o que estaban ocultando as mulleres inmigrantes en silencio. Os mozos queimaban coches, escolas e igrexas polo feito de protestar, por non ter nada que facer, por non ter nada a que agarrarse. Da súa cultura tiñan nocións imprecisas, pero era o único que os mantiña unidos á súa verdadeira orixe. O país de acollida non era o seu; por iso se reunían nos garaxes a mal interpretar o Corán.

Os varóns teñen dereito a reunírense nos portais dos barrios dormitorio, as mozas han de estar pechadas con chave na casa. O espazo público non lles está permitido. «Esa é a Francia real, non a que nos contan nas películas e nas revistas de turismo», dixo unha socia dun dos comités Nin Putas Nin Submisas, asistente ó Gran Encontro de Barcelona, para conmemorar os trinta anos de feminismo en España. ☞

# Traballo sexual no mundo global:

## cuestión de dereitos, non de pánicos sexuais

Só hai unha maneira de ver as cousas  
e é na súa totalidade

John RUSKIN

ISABEL HOLGADO FERNÁNDEZ\*

As ordenanzas municipais aprobadas recentemente que penalizan a prostitución en espazos públicos (caso das normativas de Valencia e Barcelona) e sobre todo, o anuncio do anteproxecto de lei sobre «limitación de servizos sexuais remunerados», impulsado desde a Consellaría do Interior da Generalitat de Catalunya, parecen ter instalado definitivamente o fenómeno da prostitución no debate político e social.

Malia que van ampliándose as miradas e se formulan novas preguntas, lamentablemente aínda hoxe os distintos medios de comunicación e a maquinaria do poder manexan discursos fortemente lastrados polos xuízos morais e as opinións ideolóxicas particulares, provocando que a falla de obxectividade, o falseamento dos datos e a exclusión dos discursos dos axentes protagonistas, entorpezan calquera análise da realidade e a consecuente práctica política.

Con grande irresponsabilidade, a maior parte de variábeis e datos que se inclúen nas análises e propostas normativas non proceden de investigacións rigorosas que inclúan a complexidade do fenómeno, nin das propias voces e experiencias das mulleres e outros suxeitos inseridos no sector do sexo, senón fundamentalmente, do enorme *cúmulo de mala información*, baseado en estereotipos, prexuízos e medos sociais, cociñados durante séculos respecto ao fenómeno, sempre á marxe dos discursos das propias protagonistas. Historicamente a pedagogía sexista de control social construíu a muller prostituta como paradigma da muller marxinalizada, sempre presentada cunha identidade en déficit, incapacitada para xestionar a súa propia vida e defender os seus intereses.



\* Antropóloga, coordinadora de LICIT



Este proceso de estigmatización permitiu avalar a súa exclusión como suxeito de pleno dereito e xustificar a discriminación histórica do colectivo en prostitución. A marca mostrouse dramaticamente como a ferramenta máis eficaz para intervir impunemente sobre os corpos e vidas das mulleres entregadas á prostitución ao longo da historia.

O estigma sobre as mulleres prostitutas demostrou sempre unha grande capacidade de adaptación. Se a finais do século XIX para hixienistas como Lombroso, a muller prostituta era a versión feminina da delincuencia, a mediados dos oitenta a prostitución feminina estaba asociada no imaxinario social á drogadicción ou a biografías cargadas de violencia. Na actualidade, son as mulleres emigrantes, especialmente as que traballan nas rúas, o principal obxectivo da maquinaria discursiva que lexítima a violencia institucional.

Cambian os discursos pero non a intención: deslexitimar ás mulleres en prostitución como suxeitos políticos con dereitos demandábeis en igualdade de condicións. Como

sinalaba Ignasi Pons na súa comunicación nas Xornadas de Prostitución de 2002, celebradas pola UNED en Madrid: «non é tanto a prostitución a causa da exclusión social, senón que máis ben é a sociedade, mediante o proceso de estigmatización, a que exclúe á prostituta de diversos ámbitos valorativos, prácticos e xurídicos».

Un dos rumbos predominantes nas investigacións é o dobre estándar asimétrico, referido á diferente valoración que se outorga á xestión da sexualidade e o pracer por parte de homes e mulleres, e que castiga nas mulleres aqueles atributos de liberdade sexual que se prestixia nos varóns. A *respectabilidade* sempre se conxugou en feminino. O control da sexualidade e a mobilidade das mulleres continúa sendo un dos piares da exclusión dos Estados *de dereito*, pese ás vangloriadas políticas de igualdade, especialmente á raíz do auge de ideoloxías ultraconservadoras de distinto signo, que volven a situar a *decencia sexual* como unha das bases dos seus programas políticos.

Nos últimos tempos a presenza maioritaria de mulleres e transxé-

neros emigrantes no sector do sexo global, encirra os medos e as cegueiras voluntarias. Ante o maior protagonismo das mulleres nas migracións transnacionais, de complexas e enormes consecuencias a escala global e local, ningunéanse e omiten factores tan decisivos para entender o fenómeno como son entre outros, o maior impacto da globalización económica na vida das mulleres e as súas opcións de loita, a diversidade de motivacións para afrontar a viaxe e a súa inserción laboral, os distintos sistemas de dominación que cruzan e configuran a vida das mulleres emigrantes, as opcións reais para migrar e traballar nos países de chegada, a mercantilización da sexualidade, os afectos e a soidade, a precariedade e a exclusión laboral, así como a precarización da sobrevivencia en mans das mulleres a escala planetaria.

Paradoxalmente cando asistimos a unha contundente banalización e desmitificación da sexualidade, os discursos e políticas en torno á prostitución están sostidos fundamentalmente, polo pánico moral ou sexual, por enriba da garantía dos dereitos das mulleres. As



**A clamorosa contradición das súas políticas co discurso vitimizador que defenden non escapa a análise das mulleres emigrantes traballadoras do sexo. [...] «Se somos vítimas, por que nos acosan? Por que nos impiden traballar? Por que nos agride e humilla a policía? Por que nos devolven ao inferno?»**

antropólogas americanas Carol Vance e Gayle Rubin definiron o pánico moral como ese medo que tende a reunir movementos sociais a grande escala ao redor da ansiedade xerada por cuestións sexuais. Os movementos xerados rematan usando o sexo para vehicular outras preocupacións, xeralmente encubriendo o medo á *decadencia moral* ou ao *caos social*.<sup>1</sup> Esta distorsión moralista converte en *verdades inquestionábeis* datos e reflexións que son cando non oblicuos e parciais, mentiras directamente. O exemplo máis claro atopámolo na porcentaxe avalada polo sindicato UGT e o Instituto da Muller (febreiro de 2006) que sostén que o 95% das mulleres que se prostitúen proceden do tráfico humano e o fan de maneira forzada. É dicir, todas son mulleres emigrantes. A repetición desta porcentaxe é tan abu-

siva que remata tendo vida propia e converténdose en verdade indiscutíbel, sen opción a cuestionarse cal é a orixe obxectiva destes datos e a súa intencionalidade.<sup>2</sup>

Os enfoques trafiquistas e hipervitimadores predominantes nos países europeos están tendo un efecto búmerang dramático na vida das mulleres. Toda a retórica discursiva feita lei no contexto europeo ditamina que todas as mulleres que se trasladan ao primeiro mundo usando vías alternativas (ou non) e se ocupan no sector do sexo, son mulleres traficadas contra a súa vontade, obrigadas, forzadas sempre por homes malos. Só hai que botar unha ollada ás noticias da prensa e da televisión que fallean de maneira escandalosa a realidade. Para as leis e consciencias europeas, as mulleres que afrontan o proxecto migratorio abando-

nando as certezaas do seu mundo, que xeran estratexias para escapularse de discriminacións e de restricións de diferente signo, que cruzan mares e fronteiras terrestres enfrontándose a toda sorte de riscos, que asumen a responsabilidade familiar, que xeran estratexias inverosímiles para previr ou evitar as violencias, nunca son consideradas axentes económicos e políticos de primeira orde, mulleres con balances positivos da súa experiencia migratoria e o seu traballo na industria do sexo; senón que todas elas son vítimas inxenuas, incapaces de manexarse e decidir por elas mesmas e polo tanto, precisan ser rescatadas polo Pai Estado ou o que é o mesmo, polos seus *irmáns occidentais*.

Todo este discurso tramposo oculta a multiplicidade de realidades e variábeis que interveñen nas dinámicas da migración e na industria do sexo, disfraza as políticas represivas contra as mulleres en prostitución e especialmente, silencia a indecente falta de recursos para protexer e acoller o grupo de mulleres (maioritariamente procedentes da Europa do Leste e moi novas) que si son vítimas de violencia e explotación en contexto de prostitución. Pese a que existen normativas europeas e nacionais que establecen a obrigatoriedade de dispoñer de recursos e marcos de actuación efectivos para protexer as mulleres vítimas de explotación sexual (Protocolo de Palermo no 2000, Lei de Estranxeiría, Código

<sup>1</sup> PISCITELLI, A e outras autoras: *Sexualidade e saberes: Convenções e fronteiras*, Río de Janeiro, Garamond, 2004, p. 1.

<sup>2</sup> Como apuntaba nun programa de radio a activista Mamen Briz, do colectivo Hetaira, se realmente estes datos fosen certos, merecerían a dimisión inmediata do Goberno en pleno por permitir semellante violación dos dereitos humanos en territorio español.

Penal) estas son até a data, puro papel mollado, unha grande opereta que engade humillación ao dano, e que demostra ás claras que os intereses políticos están ben afastados dos verdadeiros intereses e necesidades das mulleres emigrantes. Entre 2002 e 2005 os permisos de residencia e traballo outorgados a mulleres vítimas de tráfico apenas alcanzou a cincuenta (Ruth Mestre). Moitas mulleres non se atreven a denunciar non só polas repercusións que isto pode ter para as súas familias no país de orixe, senón sobre todo, porque coñecen perfectamente a ausencia de recursos e pouca fiabilidade dos protocolos de protección.

A clamorosa contradición das súas políticas co discurso vitimizador que defenden non escapa a análise das mulleres emigrantes traballadoras do sexo. Tania, unha muller ecuatoriana que traballa en Barcelona, explicábanos: «Se somos vítimas, por que nos acosan? Por que nos impiden traballar? Por que nos agride e humilla a policía? Por que nos devolven ao inferno?».

Outra muller opinaba: «Dannos preservativos para protexernos da SIDA, pero ninguén nos protexe da expulsión. Se somos vítimas, por que nos expulsan e obrigan a comezar de novo?»

En Barcelona a ordenanza *cívica* aprobada neste ano polo Consistorio é o golpe de graza definitivo para lexitimar a política de *apartheid* contra as mulleres emigrantes en prostitución de rúa, impulsada desde os Xogos Olímpicos do 92, cando se decidiu que as prostitutas non casaban coa imaxe cosmopolita e aséptica que se quería vender da cidade condal. Pese a que no preámbulo da normativa o cinismo municipal xustifica a mesma en base á prevención da explotación sexual, a normativa só se traduce nunha maior precariedade das condicións de vida e traballo

das mulleres, maior vulnerabilidade e desamparo ante as violencias, maior impunidade dos que violentan os seus dereitos, comezando pola propia Garda Urbana de Barcelona. As diferentes entidades que traballamos co colectivo englobadas na Plataforma Comunitaria: traballo sexual e convivencia (tamén conformada por entidades veciñais) levamos a cabo un traballo de mobilización e denuncia que non puido frear unha ordenanza que violenta dereitos fundamentais non só das mulleres en prostitución senón doutros colectivos excluídos como as persoas sen teito. Castigar e facer invisíbel a pobreza parece ser o mandato. Nestes momentos diferentes entidades sociais, impulsadas pola FAVB (Federación de Asociacións de Veciños e Vítimas de Barcelona), presentamos recurso de anticonstitucionalidade ante os tribunais.

Así as cousas, as supostas políticas antitráfico acaban traducíndose na criminalización, persecución e maltrato das mulleres emigrantes inseridas no sector do sexo, como se constata en toda Europa. Na práctica, penalízase principalmente a iniciativa económica e de mobilidade das mulleres autónomas (menoscabando a súa posición de forza na industria sexual) e desampáranse as xoves que requiren protección. Criminaliza as mulleres que recorren a vías legais para emigrar, pero non as protexe das múltiples violencias ás que están expostas pola súa condición de mulleres, de emigrantes e de prostitutas. A maquinaria migratoria punitiva e o estigma danse a man para negar ás mulleres a súa lexitimidade e o exercicio activo dos seus dereitos humanos e laborais, colocándoas en situacións de exclusión que agudizan o abandono ante as discriminacións e violencias. A gran maioría das mulleres emigrantes elixen traballar

no sector do sexo global, o que non elixen son as condicións de violencia e explotación ás que as aboca a exclusión política e social.

Pese á miopía intencionada que prevalece nas lecturas do fenómeno, parece claro que o rótulo de vítimas serve basicamente para xustificar as políticas antimigratorias e xenófobas, ademais de perpetuar a marxinação e exclusión do xogo político das mulleres en prostitución. Permite mantelas caladas, negarllas o dereito a que sexan axentes do seu propio discurso, a que artellen e vindiquen os seus dereitos como mulleres e como traballadoras. A manter a discriminación eterna. Desgrazadamente tamén permite manter o muro histórico que nos separa ás mulleres, traducido actualmente na hostilidade latente entre as posturas feministas abolicionistas e as que apostamos por un feminismo dos dereitos, por potenciar a posición de autoridade das mulleres en calquera contexto, sexa a familia, o matrimonio ou a prostitución, a través da creación de alianzas entre mulleres que permita a vindicación dos seus dereitos. Na miña opinión, este é un dos retos máis importantes para os feminismos actuais, o non ser cómplices coas políticas de exclusión cara outros colectivos de mulleres, mesmo cando isto nos sacuda unhas cantas certezas. Quizais podíamos empeñarnos en seguir véndoas como mulleres miserábeis e non recoñecemos a lexitimidade dos seus discursos e experiencias? O desafío apaixonante está servido. 6



Mulleres no cine e no audiovisual



# O cine de mulleres: da exclusión ao recoñecemento



MERCÈ COLL<sup>1</sup>

## O cine de mulleres é o cine

Cando se fala de *cine de mulleres* automaticamente xorde un interrogante sobre a súa especificidade e ao redor dela débátese todo tipo de cuestións sobre a *identidade feminina* dun texto filmico. Xeralmente esta identidade posíbel causa todo tipo de suspicacias e polémicas, desde aquelas que negan calquera diferenza ata as diversas posicións feministas que afirman un certo esencialismo ou que revisan o concepto de *xénero* coma expresión ideolóxica.

Ao longo das 13 edicións de «La Mostra Internacional de Films de Dones de Barcelona» sempre se nos

formulou a pregunta sobre o sentido que actualmente ten unha programación baseada exclusivamente no cine feito por mulleres. Como xustificación alúdese aos cambios que houbo respecto á situación da muller e concretamente ao éxito de determinadas directoras como Isabel Coixet ou Iciar Bollain, por citar o nome das coñecidas. Segundo este argumento, o sentido da Mostra queda limitado á divulgación dunha serie de realizadoras que, nun tempo non moi lonxano segundo as previsións máis optimistas, poderán acceder ao libre mercado sen necesidade de incluílas nun certame como La Mostra.

<sup>1</sup> Mercè Coll é profesora de Historia do cine italiano na Universidade de Barcelona e catedrática de Filosofía de Secundaria. Desde o ano 1988 forma parte da cooperativa de medios audiovisuais Drac Màgic, onde participa en traballos de xestión e organización. Desde o 2004 é codirectora da Mostra Internacional de Films de Dones de Barcelona iniciada en 1993. Impartiu numerosos cursos de formación do profesorado en varias comunidades do Estado español e participou en diversos másters e posgraos na Universidade Autónoma de Barcelona e na Universidade de Barcelona.



A nosa inmediata resposta é cuantificar o número de películas que cada ano programamos e comparalas co número de películas estreadas. A diferenza é enorme e

malmente se utilizan para valorar o seu significado. Programar a obra dunha determinada realizadora como Chantal Akerman axuda a comprender o sentido da súa obra

nos da falsificadora marxinação e homoxeneización á que se ven sometidas cando se definen como un *outro cine* sen máis contido que a súa identidade como *mulleres*.

A estas alturas non é necesario destacar o contido ideolóxico do termo *mulleres* co que se determinou a diferenza sexual na sociedade patriarcal. A diferenza entre *sexo* e *xénero*, amplamente argumentada e contrarrestada polo movemento feminista iniciado na década dos sesenta, continúa sendo un dos principios básicos da teoría e da práctica feminista que nos últimos anos ampliou a súa revisión crítica aos límites que impón a propia categoría de *xénero*.

Teresa de Lauretis considera que o concepto de *xénero*, a pesar do seu uso crítico, limita o potencial epistemolóxico radical do pensamento feminista ao restrinxir a posibilidade de pensar un suxeito múltiple, non determinado só pola diferenza sexual senón por outros factores. O *xénero* defínese como tecnoloxía, retomando o termo utilizado por Michel Foucault na súa *Historia de la sexualidad*, o *xénero* defínese como tecnoloxía, é dicir como resultado dos efectos producidos en corpos, comportamentos e relacións sociais, debido ao desenvolvemento dunha «complexa tecnoloxía política».<sup>3</sup>

Sen profundizar no debate teórico en torno ao *xénero*, queremos tan só apuntar a función ideolóxi-

## A enorme desproporción entre os filmes dirixidos por mulleres que se realizan cada ano e os filmes da carteleira evidencia a necesidade de seguir programando La Mostra [...]



non parece que poidan cumprirse as previsións argumentadas, senón que parece invertirse a progresión prevista.

A enorme desproporción entre os filmes dirixidos por mulleres que se realizan cada ano e os filmes da carteleira evidencia a necesidade de seguir programando La Mostra, mais cremos que o seu sentido non radica exclusivamente nesta función divulgadora, senón que a nosa proposta se estende ao ámbito da cultura cinematográfica en xeral.

La Mostra ofrece un espazo de reflexión sobre a especial relevancia do cine de mulleres ao revisar os criterios de lectura que nor-

ou revisar determinados períodos históricos desde a aportación das mulleres, sen esquecer as novas liñas de traballo que actualmente se realizan, permítenos situar o cine de mulleres en toda a súa complexidade e variedade.

A nosa proposta baséase na afirmación de que o cine de mulleres é o cine, é dicir que o cine de mulleres non é só cine de mulleres, senón que é o cine. O noso principal obxectivo é, en definitiva, «visibilizar que a aportación que as mulleres fixeron á creación audiovisual non é algo complementario á historia deste medio, senón que a participación das mulleres en todos os ámbitos cinematográficos, desde o guión á produción, desde a interpretación á dirección, a post-produción e a distribución contribuíu a facer o que hoxe é o cine».<sup>2</sup>

Ao longo destes trece anos de La Mostra non só difundimos determinadas obras e ampliamos o coñecemento da traxectoria de determinadas realizadoras, senón que constatamos a súa singularidade e diversidade a partir duns criterios de lectura distintos aos utilizados normalmente pola crítica cinematográfica ou pola historiografía. Consideramos que co noso traballo contribuímos a favorecer o protagonismo das mulleres realizadas e a valorar na súa xusta medida as súas aportacións, distanciándo-

<sup>2</sup> SELVA, Marta, e Anna SOLÀ (comps.): *Diez Años de la Muestra Internacional de Filmes de Mujeres de Barcelona. La empresa y sus talentos*, Barcelona, Paidós, 2002, pág. 19.

<sup>3</sup> LAURETIS, Teresa de: «Tecnología del género», en *Diferencias*, Madrid, Horas y Horas, 2000, pág. 33. Recomendamos a introdución de Silvia Tubert «La crisis del concepto de género» á edición dos textos publicados en TUBERT, Silvia (coord.): *Del sexo al género*, Madrid, Cátedra, 2003.

ca do termo *mulleres* e *xénero* como formas de subxectivización que asignan unha posición dentro da existencia social xeral. Cando se afirma a pertenza dun tipo de cine ás mulleres convén valorar as consecuencias que pode ter como mecanismo de identificación.

### Que é o cine de mulleres?

A resposta máis común consiste en afirmar que é un cine realizado por mulleres e que en consecuencia trata sobre certas problemáticas propias de *a súa condición feminina*, incluíndo baixo esta expresión todo tipo de cuestións, desde unha especial sensibilidade feminina a unha determinada actitude crítica máis ou menos radical acerca dos determinismos sociais. Unha vez máis o uso xenérico dos termos conduce a todo tipo de malentendidos e confusións que, finalmente, acaban asegurando a súa condición periférica en relación á cultura cinematográfica.

doras, e á vez dilúese a súa carga crítica ao considerar as súas propostas como meras reivindicacións sociais sen valorar o seu alcance como modelo de representación alternativo modulado a través das distintas singularidades que o compoñen.

O que teñen en común a maioría das películas realizadas por mulleres é precisamente cuestionar esta identidade *ser muller* coa que se definiu a súa obra e coa que queda *suxeitada* a determinadas representacións.

Ese *cine de mulleres* encontra a súa especificidade na variedade creativa das realizadoras, na nova visión da realidade que nos ofrecen en tanto se desprazan do lugar que lles foi asignado no discurso filmico, como suxeito e obxecto da representación.

A creación das mulleres non obedece simplemente a unha alteridade puramente negativa ou periférica respecto ás producións

identificacións coa mirada que preside o relato e cos personaxes que interveñen nel.

A imbricación que se produce entre o real e a súa representación queda cuestionada desde o cine de mulleres ao mostrar outras visións da realidade e ao presentalas como

**A nosa proposta baséase na afirmación de que o cine de mulleres é o cine, é dicir que o cine de mulleres non é só cine de mulleres, senón que é o cine**

A alteridade que expresa o cine de mulleres preséntase, no mellor dos casos, como este *outro cine*, que pode ser oportuno incluír nunha programación como complemento, máis o menos reivindicativo, do cine en xeral.

Desde hai tempo constatamos que a cualificación *de mulleres* resulta unha arma de dobre fío. Nestes momentos, moitas veces, o termo supón unha exclusión respecto ao cine en xeral e un falseamento respecto a súa diversidade creativa. Baixo unha aparente valoración da súa especificidade xustifícase a súa marxinalidade como cine dunha minoría, as realiza-

cinematográficas maioritarias, consideradas tanto desde o cine máis comercial ata as formuladas polo cine alternativo. O cine de mulleres constitúese a partir da afirmación dunha subxectividade que altera os criterios da propia representación cinematográfica tal e como foi formulada pola industria desde os seus inicios (1910) como creación ilusoria dun mundo percibido como real. Ao someter a orde representacional ás necesidades de verosimilitude do relato anúlase calquera trazo da subxectividade que o construíu e poténciase ao máximo a participación emocional do público mediante o xogo de

resultado dunha certa apropiación ou interpretación. A mirada cinematográfica, esa visión sobre o mundo que nos ofrecía o cine clásico, perde a súa universalidade e neutralidade para converterse no resultado dunha significación e como tal é o resultado dunha determinada subxectividade.

O cine de mulleres inscríbese no proceso de reflexión sobre o propio medio que a modernidade cinematográfica instaurou fronte ao cine narrativo potenciado pola industria de Hollywood.

Os novos cines europeos desenvolvidos despois da segunda Guerra Mundial cuestionaron as bases do modelo narrativo clásico ao incidir no proceso de produción das imaxes. A representación deixou de ser ese dobre mimético da realidade para converterse no resultado da experiencia dun suxeito que



mediante uns mecanismos determinados dá sentido á realidade representada. Ante este proceso de autorreflexión que insta a modernidade, o cine de mulleres introduce unha nova dimensión crítica ao sinalar que esta mirada velada do cine clásico estaba determinada pola diferenza sexual.

Desde a crítica feminista salientase a eficaz intervención do cine clásico na construción das categorías específicas da diferenza sexual. As imaxes da muller que o cine nos ofrece non son só creacións ilusorias que se presentan como reais senón que responden a uns mecanismos propios do imaxinario masculino.

Ante esta situación, o cine realizado por mulleres afirmase como alteridade que invalida o dominio pleno desta subxectividade masculina erixida en principio universal.

### A subxectividade das mulleres fronte ao obxectivismo da imaxe

Actualmente, desde o feminismo, o debate sobre as imaxes da muller no cine non se centra nos contidos que nos trasmiten, senón no tipo de subxectividade desde onde se constrúen. O cine de mulleres non se define fundamentalmente polo tipo de imaxes que nos ofrece da muller, senón pola subxectividade que o fundamenta.

Neste sentido falamos dunha mirada distinta capaz de construír unha nova visión da realidade e da subxectividade que a institúe. Determinar esta nova subxectividade desde onde identificar a creación das mulleres realizadoras non significa anular de novo as diferenzas

desde a categoría universal *muller*, nin determinar a súa identidade a partir dunha esencia que debe preservarse ou descubrirse.

A principal innovación que nos aporta o cine de mulleres é a inversión dos termos subxectivo e obxectivo desde onde se valoraba a verdade das imaxes. Non se trata de *axustar* as imaxes a unha realidade preconcebida, senón de indagar acerca do seu significado a través das imaxes.

Constatar a realidade das imaxes como representación supón desprazar o problema da verdade posíbel que nos transmiten ao teatro do discurso ou se se prefire ao coñecemento do seu sentido.

Desde esta consideración o cine de mulleres preséntase como contra-cine, definido por Claire Johnston coma ese outro cine capaz de «fabricar unha nova significación no propio texto do film».<sup>4</sup> As estratexias a seguir non están, por suposto, predeterminadas, se-

da opinión e insta a relación co obxecto en substitución das decisións maioritarias daqueles que non chegan a intuilo e menos aínda pensalo, en suma ao obxectivo.<sup>5</sup>

Este contra-cine opónse á forma narrativa que articula as imaxes de maneira imperceptíbel, para darnos a ver un mundo autónomo e completo desde onde identificar os nosos afectos e pensamentos.

Fronte á identificación inmediata das imaxes, o cine de mulleres introduce a distancia necesaria para poder cuestionar as imaxes e deixarnos interrogar por elas, unha distancia que xera formas distintas de ser afectados por elas e formas diversas de intelección.

As imaxes non actúan como espellos onde proxectar o que cremos ou desexamos ser, senón como signos dun discurso sobre a nosa experiencia coa realidade e as súas representacións.

A falsificación das imaxes non consiste en distorsionar unha su-

O que teñen en común a maioría das películas realizadas por mulleres é precisamente cuestionar esta identidade 'ser muller' [...]

nón que poden derivar cara a distintas modalidades segundo o grao de ruptura que propoñan respecto ao modelo da industria.

De forma xeral, o cine de mulleres pode definirse como un *ir directamente ás cousas* no sentido que o formula Adorno ao explicar a inversión que a creación artística produce entre o obxectivo e o subxectivo:


O obxectivo é a parte incontestábel do fenómeno, a súa efixie incontestábelmente aceptada, a fachada composta de datos clasificados, en suma o subxectivo; e subxectivo, chámase ao que derrúe todo iso, accede á experiencia específica da cousa, desembarázase das convencións

posta verdade das cousas e da nosa subxectividade, senón en non recoñecer o seu carácter de simulacro. As imaxes non son o lugar da verdade, senón alí onde teñen lu-

<sup>4</sup> JOHNSTON, Claire: «Le cinéma de femmes come contre-cinéma», *20 ans de théories féministes sur le cinéma*, Cinémaction, núm. 67 (1993).

<sup>5</sup> ADORNO, T. W.: *Minima moralia*, Madrid, Taurus, 1998, pág. 67.





# Un filme político, por favor



 MARGARITA LEDO ANDIÓN

A alteridade, o paso pola experiencia, ese roer na mazá sen necesitar a tentación da serpe; o corpo, a autorreferencia; os espazos invisíbeis –a familia por dentro–, os roles ben á vista. O documental como inscrición-verdade. E a viaxe: o próximo que colle a distancia xusta para retornar transformado en produto da «industria da conciencia». O cinema político coa súa expresión máis persistente no filme-documento: *Camiño de Guan-*

*tánamo*, de Michael Winterbottom. E como fonte de animación o cinema político dos sesenta.

Todas nós, as persoas máis ou menos espectadoras, démoslle a ben vinda a unha variante documental que representa o mellor do xornalismo de pesquisa, ao filme *O pesadelo de Darwin*, de Hubert Sauper, e a unha outra obra que recupera as regras do cinema directo, a función de testemuña ocular nun lugar do mundo que é a faixa

Todas nós, as persoas máis ou menos espectadoras, démoslle a ben vinda a unha variante documental que representa o mellor do xornalismo de pesquisa, ao filme 'O pesadelo de Darwin', de Hubert Sauper, e a unha outra obra que recupera as regras do cinema directo, a función de testemuña ocular nun lugar do mundo que é a faixa de Gaza, a multipremiada 'Checkpoint'.


de Gaza, a multipremiada *Checkpoint*. E inda que no espazo académico o cinema do real contéplase como algo lonxano, gustaríase de convidarvos a unha pequena reflexión e a unha paseata por este modo de nos expresar.

E vou xogar ás anticipacións nas causas que nos traen para a man unha variante do denominado cinema do real, o documental político autoral, un tipo de produto que labra o seu público como fixera polos anos trinta, como fixo nos anos sesenta. Un tipo de obra que se agarra –se for necesario por custos ou por accesibilidade a determinadas situacións– á labilidade tecnolóxica, á imaxe dixital, ao Beta Di, á Mini dv. Unha obra que non esquece que a creación informativo-cultural con foto e con foto en movemento, é tamén unha escolla moral –unha atitude– a respecto do mercado, dos circuitos de exhibición, do espectador, e que deu con algúns achádegos nas producións de baixo orzamento, nese ámbito onde aínda é practicable a independencia, a errancia experimental e a conxunción do traballo de ideación coa súa aplicación.

A idea primeiro. A posición do corpo antes cá posición da cámara. O realismo como modelo e como efecto. As regras como relación para o que acotío chamamos pacto entre tema-autoría-persoa que mira tal aquel tempo sobranceiro que produciu o encontro entre, por

unha banda o neorealismo e máis o ensaio fotográfico e o *momento decisivo*, co cinema directo: dos cincuenta aos setenta. As variacións que as obras activan son inmensas, como é inabarcábel a ollada, pero se por razóns operativas tendésemos a localizar certas constantes nesta xeración que repensou a foto e o cinema documental atopámonos con que adoito fan a cámara; polo xeral tratan temas dos que participan a nivel biográfico ou de pensamento, temas contemporáneos que atravesan a súa experiencia; actúan coma un material máis entre o papel doutras personaxes ou doutros materiais. E son conscientes, asimesmo, da súa implicación autoral en tres *frames*: o profesional, o cultural e tamén o industrial. O seu punto ce-ro organízase, ás veces, a partir dun proxecto, na meirande parte dos casos *para ver*, como procura. Por iso acostuman viaxar.

A maior abundamento, na década que lle pon data ás producións da nova época, os anos cincuenta, incorpórase na cultura o concepto de identidade en plural. Identidade como proceso e como diferenza, como activo na contestación canto ao canon político da representación: eís os *Cultural Studies* e un dos movementos nacionais de meirande interese, o *Free Cinema*, é dicir, o documental como parte das relacións de poder e da posta en relación das obras como cultu-




1 *Santa liberdade*, de Margarita Ledo Andiñón

2 *Camiño de Guantánamo*, de Michael Winterbottom

3



4



[...] o tempo que estreamos como sobrevivintes axexou entre os rastros, procurou na materia o rastro de si mesma, proclamou a imperiosa necesidade de topar modos de pensar o real para confrontalo coa súa posta en discurso, [...]

ra do cinema, como produción e como construtoras de significación.

Porque a súa diferenza está na pegada do real, no valor de *index* dende un referente mediado pola cámara, ou en nós propias como referente (para a obra); porque nos conduce cara a esa outredade encol da que retallamos o mundo a traveso de códigos visíbeis ou invisíbeis, do efecto-mímese ou da exhibición da aparencia a traveso da técnica; porque coma calquera filme tampouco o documental poderá evitar o punto de vista, a expresión, moverse nas regras máis ou menos estábeis dunha intención estética, e porque, sobremaneira, mantén relacións constitutivas coa súa época e fai que o recontextualicemos en cadansúa época, o interese das diferentes modalidades coas que adoito se clasifica –expositiva (constatación), de observa-

ción (distante), creativa (enténdase con técnicas experimentais e dende a ficción) ou de relación– non se deben soamente á decisión de quen o realiza senón ás condicións nas que se produce e ao xeito de pensalo como produto que vai de seu para o espectador e que coa «fin de guerra» deu un paso avante e abriu un tempo de felicidade, de diálogo, de transformación e transgresión, máis un cativo intermedio que algures chamouse «Tercer Cine», «Movemento de non Alineados» –*Lonxe de Vietnam/Far from Vietnam /Loin de Vietnam*– onde reaparecen Ivens, Klein, Marker, a Vardá, Resnais ou o mesmísimo Godard.

Así, e como resultado da creba do século, o tempo que estreamos como sobrevivintes axexou entre os rastros, procurou na materia o rastro de si mesma, proclamou a imperiosa necesidade de topar mo-

dos de pensar o real para confrontalo coa súa posta en discurso, sobre todo para ese real do que fica apenas realidade da que tarmar, *Nuit et Brouillard*, a primeira viaxe ao holocausto, ao exterminio en masa, de Resnais, 1956. Voltamos os ollos para nós mesmos. Mirámonos coma as mesmas persoas que tronzaran o século. O cinema non discute xa sobre o seu estatuto de artisticidade, algo que acaparara boa parte dos debates na década dos dez, na dos vinte, senón que tenta conseguir o seu artellamento comunicativo como feito cultural, por unha banda, e determinar a súa opción por determinados obxectos –o cotián, o discurso do día a día– e por determinados modelos –*free, vérité, direct*– para a produción deses obxectos. Apostar para que a realidade se exprese por si mesma. Nin menos nin máis. Porque a mentira pode ser máis real cá verdade, asegura Jean Rouch, para que esculquemos por entre as paradoxas da relación entre idea, expresión e comprensión.

A nivel teórico o cinema incorpora certas cousas que xa no están feitas co tecido dos soños, comen-

3 *O pesadelo de Darwin*,  
de Hubert Sauper

4 *Nuit et Brouillard*, de Resnais

5 *À propos de Nice*, de Jean Vigo

5



tará Barthes, e é motivo de discusión tanto por parte dos *idealistas convencidos* como dos *materialistas decrarados*, outravolta os realistas vs. os formalistas, a transparencia na representación fronte da forma como significado, e a irrupción de territorios nos que os modelos pasan a operar como elementos interculturais, a transformarse en algo diferente do «orixinal», a intervir como postulados para unha cinematografía nacional. Ímolo localizar nas teorías sobre o *Tercer cine*, en situacións que te preparan para o

que polas súas características por veces adopta o apelativo de cinema de observación. Na nova conceptualización arredor da realidade como rexistrábel ou non. Como accesíbel precisamente pola súa capacidade de se comportar como feito rexistrábel. Porque a cámara, outra vez esa mediación, é condición para a expresión. Porque diante a cámara o material acolle conciencia do outro, de que vai formar parte, dunha viaxe iniciática cara outra persoa, autora e espectadora.

Mulleres de película, fixemos a nosa entrada nesta area inestábel da man da política, da decisión de intervir na construción dun modo de ollarnos a nós, e de variar o modo en que eramos observadas [...]

tránsito, no modo de anomear «la cosa» como Cine Liberación, Cinema Novo, Cine Underground.

A época insiste en que estamos no momento da rodaxe e na súa manifestación seminal no que se vai chamar *cine directo*, no que se vai presentar como *cinéma verité*, no

Mulleres de película, fixemos a nosa entrada nesta area inestábel da man da política, da decisión de intervir na construción dun modo de ollarnos a nós, e de variar o modo en que eramos observadas. E se inmensa é a pegada feminina no cinema, dende o primeiro e corrosivo nú en *À propos de Nice*, de Jean Vigo e ate chegarmos ao non representábel, os fragmentos das mulleres en Ciudad Juárez, por exemplo, nesta pegada está a alfa e omega do corpo, do corpo libre na Europa que se preparaba gozosa para a Frente Popular contra o corpo vítima do feminicidio que campea como nova expresión do fascismo no mundo.

Tal vez por iso eu escollo, sempre, o filme político. ☒

NADA NOS INTERESA  
MÁIS QUE O GALEGO.  
NIGUÉN NOS INTERESA  
MÁIS CA TI

**ASÓCIA-TE**

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
Campo do Cruoeiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesanl.org

Nome:  
Apelidos:  
Enderezo:  
C.P.: Localidade:  
Telf:

Cuota anual: | 30,05 euros.  
12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco  Sucursal  DC

c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:

## Gracia Querejeta (Madrid, 1962)

Licenciada en Historia Antigua pola Universidade Complutense de Madrid. Vencellada por motivos familiares ao mundo do cine, desde moi nova intereseuse por esta industria, na que desempeñou os máis diversos oficios: aos 13 anos fixo a súa primeira aparición como actriz e antes de cumprir os 20 o seu primeiro traballo como axudante de dirección, con Carlos Saura.

Directora de éxito, as tres longametraxes que dirixiu ata agora (e das que tamén é co-guionista) foron galardoadas con premios de prestixio. A súa primeira película en solitario, *Una estación de paso*, obtivo o Premio Especial do Xurado na Semana de Cine de Valladolid. *El último viaje de Robert Rylands*, adaptación da novela de Javier Marías *Todas la almas*, foi recoñecida polo Círculo de Escritores Cinematográficos con premios á mellor dirección, mellor película, mellor fotografía, mellor montaxe e mellor música. *Cuando vuelvas a mi lado*, parcialmente rodada en diversas localizacións galegas, obtivo unha Mención especial do Xurado no Festival de San Sebastián. *Héctor*, Mellor Película e Mellor Actriz no Festival de Cine de Málaga (2004). Tamén a mediametraxe *El viaje del agua*, encargo de Canal de Isabel II, obtivo o Premio Goya ao Mellor Documental.

Nos seus filmes non deixou os rexistros dramáticos, abordando temas como conflitos familiares e de relacións persoais.

Participou en *¡Hay motivo!*, unha película colectiva, documental, formada por 33 curtas doutros tantos creadores fronte á manipulación e o mal goberno e co obxectivo de denunciar diferentes aspectos da realidade política e social española.





## Filmografía

*Héctor* (2004)

«nnnnn» (curta), en *¡Hay motivo!* (2004)

*Cuando vuelvas a mi lado* (1999)

*Primarias* (1998, documental), con Fernando

León de Aranoa e Azucena Rodríguez

*El último viaje de Robert Rylands* (1994)

*El trabajo de rodar* (1994, documental)

*Una estación de paso* (1992)

*El viaje del agua* (1990, mediametraxe documental), con Jesús Ruiz e Nacho Pérez de la Paz

## Iciar Bollaín [Madrid, 1967]

Desde a súa estrea como actriz en *El Sur* de Víctor Erice (1983) participou diante da cámara en máis de vinte filmes. En 1993 dirixiu a súa primeira película e ata o momento é autora de tres longas e cinco curtas. Ademais escribiu un libro sobre o director británico Ken Loach, con quen traballou en *Tierra y libertad: Ken Loach, un observador solitario* (El País-Aguilar, 1996) e é co-autora dos guións das súas películas.

*Flores de otro mundo*, con guión da súa directora e de Julio Llamazares, recoñecida como mellor película da Semana da Crítica no Festival de Cannes, presenta as amargas dificultades de dúas mulleres inmigrantes, unha cubana e unha dominicana, nunha pequena localidade rural.

*Te doy mis ojos*, escrita por Bollaín e Alicia Luna, unha dura historia sobre violencia doméstica, converteuse nunha das películas españolas máis premiadas dos últimos tempos; aos sete premios Goya que conseguiu en 2004 (entre eles a mellor película, dirección, guión e actores protagonistas) hai que engadir outros moitos que foron concedidos á película, á súa directora e aos actores protagonistas, Laia Marull e Luís Tosar (con quen xa traballara en *Flores de otro mundo* e *Amores que matan*, unha aproximación previa ao mesmo tema): Festival Internacional de Cine de San Sebastián, Círculo de Escritores Cinematográficos, etc.

## Filmografía

«nnnnn» (curta), en *¡Hay motivo!* (2004)

*Te doy mis ojos* (2003)

*Viajes con mi abuela* (2002, curta)

*Amores que matan* (2000, curta)

*Flores de otro mundo* (1999)

*Hola, ¿estás sola?* (1995)

*Los amigos del muerto* (1994, curta)

«Baja, corazón» (curta), en *Historias de un minuto II* (1992)



## Isabel Coixet (Barcelona, 1962)

Licenciada en Historia pola Universidade Autónoma de Barcelona, terminou os seus estudos cunha tesina sobre o cine da década dos setenta. Os seus primeiros traballos foron entrevistas e outros escritos para a revista *Fotogramas*. Máis tarde comezou a traballar en publicidade, unha actividade na que destacou e na que continúa traballando, para o que creou a súa propia produtora, Miss Wasabi. Hai pouco estreouse como directora de teatro con *84 Charing Cross Road*, adaptación da novela de Helena Hanff, obra coa que está en xira e coa que visitou diferentes cidades galegas.

Autora dos guións dos seus filmes, Coixet é unha grande escritora de historias, sobre todo de historias dramáticas protagonizadas por personaxes solitarios, illados, desesperanzados, colocados en situacións a límite, co peso de traumas sobre eles.

Coa súa primeira longametraxe, *Demasiado viejo para morir joven*, foi nominada para o premio Goya á Mellor Directora Novel (1990). O seu último traballo, *La vida secreta de las palabras* foi a película máis premiada na edición de 2005 dos Premios Goya, onde obtivo os galardóns á mellor película, dirección, guión orixinal e dirección de produción. *Cosas que nunca te dije* foi premiada co Golem de Ouro á mellor película no Festival Internacional de Praga (1996) e cunha Mención especial no de Bogotá (1997).



Aínda que adoita traballar no estranxeiro, a miúdo con actores de lingua inglesa, rodou integramente en Galiza *A los que aman*, unha película de época ambientada no século XVIII.

### Filmografía

- La vida secreta de las palabras* (2005)
- «La insoportable levedad del carrito de la compra» (curta), en *¡Hay motivo!* (2004)
- Mi vida sin mí* (2003)
- A los que aman* (1998)
- Cosas que nunca te dije* (1995)
- Demasiado viejo para morir joven* (1988)
- Mira y verás* (1987, curta)

## Mercedes Álvarez (Aldeaseñor, Soria, 1966)

Estudou na Universitat Pompeu Fabra de Barcelona, de onde ten orixe a súa primeira e única longametraxe *El cielo gira*, creado no Máster de Documentais Creativos da mesma Universidade. É un documental que desde a súa estrea non deixou de sorprenden e acadar premios e mencións en festivais de todo o mundo: Festival de Cine de Rotterdam (2004), Cinéma du Réel (París, 2005), Infinity Festival (Alba, Italia, 2005), Festival de Cine Independente de Bos Aires (2005), París Cinema (2005)...

*El cielo gira* é unha película pausada e silenciosa sobre o paso do tempo e as pegadas que deixa. Coa intención de non interferir na realidade nin na súa contemplación, presenta imaxes que pola súa beleza e rotundidade causan un forte impacto visual no espectador. Foi rodada no pequeno pobo natal da súa directora, Aldeaseñor, unha localidade en medio dun páramo despoboado que despois de oito séculos de historia ininterrompida está condeada a desaparecer.



### Filmografía

- El cielo gira* (2004, documental)
- El viento africano* (1997, curta)

## Marta Balletbò-Coll

Son múltiples as funcións que desempeña nas súas películas: dirixe, escribe, produce, actúa... Ademais, xunto con Ana Simón, co-guionista e colaboradora, é autora dunha novela publicada en catalán e en castelán, *Hotel Kempinsky* (Egales, 2002) que narra a relación entre dúas mulleres vencelladas profesionalmente ao mundo do cine.

As relacións afectivas entre mulleres son un tema recorrente nas súas películas. A súa primeira longametraxe, *Costa Brava* (nome que tamén deu á súa produtora) foi presentada en distintos festivais de cine gai e lésbico, nos que obtivo varios premios; ademais recibiu o Premio Especial de Calidade do Ministerio de Cultura.

A súa última película, *Sévigne*, premiada entre outros no Festival de Filadelfia (2005) é, en palabras da súa directora, «un filme sobre a natureza do desexo». Nela aborda de novo a relación profesional e afectiva entre dúas mulleres: a peculiar autora dunha obra de teatro e a directora que a vai pór en escena, asfixiada e confundida pola represión dos seus propios sentimentos, marcada pola morte da súa filla, sometida ao prestixio do seu home, un poderoso crítico teatral e presionada tamén polo seu amante, programador do teatro.



### Filmografía

- Sévigne* (Júlia Berkowitz) (2004)
- ¡Cariño, he enviado a los hombres a la luna!* (1998), con Ana Simón
- Costa Brava* (*Family album*) (1995)
- Paths of Separad* (1994, curta)
- Intrepidíssima* (1992, curta)
- Harlequin exterminator* (1991, curta)

## Susana Koska (San Sebastián)

A actriz Susana Koska (Susana Saenz Díaz) sorprende coa súa primeira película, unha produción independente e autofinanciada que ten a súa orixe na súa propia experiencia vital como filla de exiliados da guerra civil española. Coa intención de combater a desmemoria e dar voz a persoas que non foron escoitadas e que pola súa avanzada idade tampouco teñen oportunidade de selo, recolleu os testemuños de mulleres comprometidas coa República e deulle a forma de obra de teatro; a falta de apoios fixolle transformar este proxecto nun documental, que ela mesma escribe, dirixe e produce xunto con Loquillo, autor así mesmo da banda sonora.



As oito mulleres entrevistadas, que participaron na loita antifascista desde diferentes posturas políticas son: Sara Berenguer (anarquista de Mulleres Libres), Neus Catalá, Rosa Laviña, Rosa Díaz, Carme Puig Antich, Merçona Puig Antich, Maria Salvo e Teresa Buiigas (fundadora de CC. OO.).

Como complemento á película está en preparación un libro que recollerá os testemuños completos e documentación complementaria.

### Filmografía

- Mujeres en pie de guerra* (2004, documental)

## Rosa Vergés (Barcelona)

Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Barcelona e pola Sorbona de París. Ademais de dirixir cine de ficción e documental, fixo publicidade, vídeos institucionais e series de televisión. É fotógrafa e ensina Dirección de Cine na Universidade de Barcelona e na Pompeu Fabra.

Con Jordi Sabatés participa no proxecto audiovisual *Federico García Lorca: De Granada a la Luna* (1998) en homenaxe a Federico García Lorca.

Despois dunha comedia de enredo (*Boom Boom*, Premio Goya en 1989 á Mellor Dirección Novel); ou-




tra de tipo costumista urbana (*Souvenir*) e unha película infantil (*Tic Tac*); en *Iris*, a súa cuarta longametraxe, cambia completamente de rexistro. Dedicada ás vítimas vivas de tódalas guerras, *Iris*, escrita por Vergés e o historiador Jordi Barrachina a partir do libro de Juana Doña *Querido Eugenio*, narra a dramática historia da supervivencia física e emocional dunha muller desde a guerra civil española ata o final da ditadura.

### Filmografía

- Iris* (2004)
- Tic Tac* (1997)
- Alberti, un poeta en la calle* (1995, documental)
- Souvenir* (1994)

## Silvia Munt (Barcelona, 1956)



Titulada en ballet clásico, a súa primeira vocación, ademais de dedicarse á danza clásica e á contemporánea como bailarina e como coreógrafa, desde moita nova interesouse pola interpretación. Actuou a miúdo na televisión, teatro e cine; só no cine, participou en máis de trinta filmes. Ademais creou a súa propia compañía de teatro e participou na fundación do Ballet Contemporáneo de Barcelona.

Como directora é autora de dous telefilmes, dúas curtametraxes e unha longametraxe documental sobre a enigmática figura de Gala, cun guión que é tamén da súa autoría.

En 1999 obtivo o Premio Goya á Mellor Curtametraxe Documental por *Lalia*, escita así mesmo por ela, rodada nos campamentos saharauis no deserto de Arxel.

### Filmografía

- Las hijas de Mohamed* (2003, telefilm)
- Elena Dimitrievna Diakonova. Gala* (2003, documental)
- Quia* (2000, telefilm)
- Lalia* (1999, curta documental)
- Déjeme que le cuente* (1998, curta)

## Chus Gutiérrez (Granada, 1962)

*Boom Boom* (1989)

É guionista e produtora dalgunhas das súas películas, nas que amosou preocupación por determinadas cuestións sociais. Ademais realizou a serie de televisión *Ellas son así* (1998), protagonizada por catro mulleres: Maribel Verdú, María Barranco, María Adán e Neus Asensi.

*Alma gitana* aborda o tema da diferenza cultural a través da historia de amor entre un xitano e unha paya. *Poniente*, escrita coa colaboración de Iciar Bollain, incide novamente dalgunha maneira sobre o mesmo tema: é unha historia sobre a intolerancia e o medo á diferenza que se inspira nos sucesos de violencia racista de El Ejido (Almería).

Participou no proxecto de UNICEF *En el mundo a cada rato*, unha película colectiva (Patricia Ferreira, Javier Corcuera, Javier Fesser y Pere Joan Ventura dirixen as demais curtas que a compoñen) que ten por obxectivo chamar a atención sobre as carencias na protección dos dereitos da infancia e a urxencia dos mesmos.

A súa última longametraxe, *El calentito*, calificada pola súa directora como «unha película inxenua e libertaria» está dedicada á movida e á contracultura e parte das súas propias vivencias no Madrid dos oitenta co grupo punk, Las Xoxonees, no local nocturno que tiña o mesmo nome da película.

### Filmografía

- El calentito* (2005)
- «Las siete alcantarillas» (curta), en *En el mundo a cada rato* (2004)
- «Adolescentes» (curta), en *¡Hay motivo!* (2004)
- Poniente. Un relato universal sobre el amor* (2002)
- Insomnio* (1997)
- Alma gitana* (1995)
- Sexo oral* (1994, documental)
- Sublet* (1992)



## Patricia Ferreira (Madrid)

Licenciada en Ciencias da Imaxe e Periodismo. Tralos seus comezos como xornalista, facendo información e crítica de cine, traballou en televisión como realizadora, directora e guionista de series de ficción e documentais, así coma informativos e programas culturais. Desde os noventa traballa e grava en Galiza. Compaxina este traballo co ensino de Dirección de Cine.

Participa na película colectiva promovida UNICEF *En el mundo a cada rato* cunha curta sobre a SIDA, «El secreto mejor guardado», rodada en India.

*Sei quen es*, foi candidata ao Premio Goya á Mellor Dirección Novel e gañou o Goya á mellor música orixinal, escrita por José Nieto e interpretada pola Orquestra Sinfónica de Galicia.

*Para que non me esquezas* participou en certames internacionais: foi seleccionada para a sección oficial do Festival Internacional de Cine de Berlín (2005) e tivo o Premio do Público no Festival de Toulouse (2005).

Con *O alquimista impaciente*, adaptación da novela do mesmo título de Lorenzo Silva, que narra a investigación dun asasinato, conseguiu no ano 2003 o Premio do Círculo de Escritores Cinematográficos ao mellor guión adaptado, da autoría da directora.



## Filmografía

*Para que non me esquezas* (2004)

«El secreto mejor guardado» (curta), en *En el mundo a cada rato* (2004)

*O alquimista impaciente* (2001)

*Sei quen es* (1999)

*El paraíso* (1997, telefilme)

## Margarita Ledo (Castro de Rei, 1951)

É catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade na USC e desenvolveu un extenso labor de investigación.

É autora de dous documentais, a longametraxe *Santa Liberdade* (coa participación do fotógrafo Manuel Ferrol) e unha curtametraxe de carácter didáctico sobre o poeta Manuel María por encargo de ASPXG, CIG-Enseño, Asociación de Escritores en Lingua Galega e A Mesa.

*Santa Liberdade*, con guión da propia Ledo, conta a historia do primeiro secuestro político dun transatlántico, o que levou a cabo en 1961 o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación para atraer a atención internacional sobre as ditaduras de Salazar e Franco. Na chamada *Operación Dulcinea*, vintecatro asaltantes antifascistas tomaron o barco *Santa María*, que facía a ruta Caracas-Vigo-Lisboa, e cambiaron o seu nome polo de *Santa Liberdade*.

«Labacolla 1939», documental alegórico sobre o campo de concentración franquista de Labacolla é a súa contribución ao proxecto colectivo *Hai que botalos*, unha produción independente promovida polo colectivo Burla Negra con motivo das eleccións autonómicas de 2005 que presenta una visión crítica da Galiza gobernada polo PP.

## Filmografía

«Labacolla 1939» (curta), en *Hai que botalos* (2005)

*Manuel María: fala e terra desta miña terra* (2005, curta documental)

*Santa Liberdade* (2004)



## Laura Mañá (Barcelona, 1968)

Actriz, escritora, guionista e directora. Como actriz ten participado en producións españolas e tamén doutras nacionalidades: *Lolita al desnudo* (1990, o seu primeiro traballo como actriz), *La teta y la luna*, *La pasión turca*, *Nadie hablará de nosotras cuando hayamos muerto*, *Libertarias*, *Trece badaladas* e *Romasanta* entre outras. É autora do guión da curta e de dous dos largos que dirixiu. Asimesmo escribiu o libro de relatos *Falsas apariencias* (RBA, 2002) no que se inclúe «Putas por compasión», historia que é o cerne de *Sexo por compasión*. Esta comedia, que rodou en México, foi premiada no Festival de Cine de Málaga (2000) e seleccionada para participar no Festival de Cine Independente de Sundance (2001).

O seu seguinte largo foi *Palabras encadenadas*, adaptación da obra de teatro do mesmo título de Jordi Galcerán. Con este *thriller* obtivo premios nos festivais internacionais de Oporto e Bruxelas.

A que é a súa última película, *Morir en San Hilario*, rodada na Arxentina, plantexa en ton de traxicomedía unha reflexión sobre a vida e a morte.

### Filmografía

- Morir en San Hilario* (2004)
- Palabras encadenadas* (2003)
- Sexo por compasión - Las alas del corazón* (2000)
- Paraules* (1997, curta)



## Belén Montero (Zamora, 1970)

É realizadora de videoclips e autora de videoocreacións.

Co nome de DSK asina xunto con Juan Lesta (A Coruña, 1971) diversos traballos audiovisuais tanto no ámbito artístico e experimental (videoarte) coma no musical. Fixeron videoclips para La buena vida, Fangoria e Astrud, entre outros.

Foi unha das moitas e moitos artistas e intelectuais (Nazaret López, Rosa Aneiros...) que participaron na longametraxe colectiva *Hai que botalos*, conxunto de vinte e cinco curtametraxes documentais cun obxectivo explícito de denuncia política.

### Filmografía

- «nnnnn» (curta), en *Hai que botalos* (2005)
- Twin Power* (2003, videoclip), con Juan Lesta
- O tempo perdido* (2001, videoocreación)
- Astrud: *Bailando* (videoclip), con Juan Lesta
- Prozack: *Dualidad* (1999 videoclip), con Juan Lesta





# A muller no audiovisual galego

 CARMEN IGLESIAS RÁBADE

Antes de comezar este artigo quero deixar claro que para nada vou a analizala mensaxe que os medios audiovisuais fan da muller, bastantes artigos e estudos hai feitos sobre o tema. Pretendo pararme especialmente en quen elaboran e executan esas mensaxes, persoas que están detrás na elaboración que é máis complexa do que se deixa ver en cada programa de televisión, película, documental, etc.

A situación da muller no audiovisual non pode resolverse neste estado de cousas, pois non se conside-

ra nin sequera como público, non entra na guerra das audiencias dos partidos de fútbol, por exemplo, só en programas de *marujeo e cotilleo*, en parrilla nas horas que están consideradas como de audiencia feminina (ou sexa de 10 a 2 da mañá e de 4 a 7 da tarde). E que imos dicir deste tipo de programación que non saibamos? Todo isto é debido a que a partir desa hora quen toma o mando da tele é o varón de maior idade no rango familiar, o que fai que á xente nova e ás mulleres se nos desprace ao mundo de Internet.

A condición esencial para o recoñecemento da muller nos medios de comunicación é, polo tanto, o establecemento dunha cultura audiovisual feminina. Pero isto non se pode levar a cabo mentres o audiovisual sexa tomado como un xogo. Non se considera profesional, excepto no caso daquelas persoas que se dedican ao medio televisión. Véxase coma exemplo a cantidade de concursos de curtas que hai en Galicia para a mocidade. Isto é, para entendelo, coma un xogo para os rapaces, pero estes rapaces ignoran estes concursos, prefiren os móbiles e Internet, de xeito que poidan interactuar directamente cos colegas e non teñen que ser xulgados por persoas que, de principio, xa saben que non van a ser obxectivas en xulgallo seu traballo, porque, entre outras cousas, son xulgados por persoas maiores que non entenden o que queren expresar. Eles queren facer o que realmente lles apetece e buscan dos maiores as ferramentas para levar a cabo o que desexan expresar, pero que a súa non mensaxe non sexa interceptada



Este artigo contén fotografías da directora galega Marta Piñeiro gravando un anuncio publicitario

**É o símil de sempre, o que resulta importante é creativo e masculino; o traballo luxo, que non se ve, que está detrás, é feminino. O audiovisual galego, español, catalán, vasco..., non é distinto aos demais sectores**

Non obstante, debemos preguntármonos que significa o audiovisual feminino cando as mulleres non se ven reflectidas nin sequer na pantalla. É dicir, falar do audiovisual feminino galego é falar de pequenas cousas, ou sexa realizacións televisivas, algunhas curtas e pouco máis, isto no tocante o tema de realización. Distinto é falar da produción, que para min é parte, supostamente *pouco creativa*, pe-

ro totalmente imprescindible. É o símil de sempre, o que resulta importante é creativo e masculino; o traballo *luxo*, que non se ve, que está detrás, é feminino. O audiovisual galego, español, catalán, vasco..., non é distinto aos demais sectores.

E dado que os valores femininos no audiovisual non van máis alá do que habitualmente vemos diante a pantalla, pois iso mesmo é o que se reflicte detrás dela.

Na actualidade non hai ningún estudo, polo menos coa suficiente relevancia, para saber cantas mulleres traballan en cada sección daquelas que conforman o sector audiovisual. Iso si, temos un montón de estudos de audiencias de informativos, cantos minutos se lle dedican a cada político (e mesmo repetidos, pola consellería e pola universidade cos seus gabinetes de prensa respectivos), mais ningún estudo que se cinga ao social, qué quere e demanda a sociedade. Isto é debido ao medo estúpido que existe desde as institucións: parece que se se levan a cabo estes estudos pódese descubrir que están a gobernar o sector sen xeito e polo





var en Riazor, a operadora envía as imaxes de xente pola praia paseando, nenos xogando na area..., mais fundamentalmente eran mulleres cos seus respectivos *micelíns* e para nada aparecía moza ningunha en *top-less* nin parellas na situación mencionada anteriormente. O equipo de realización visionou as imaxes e fixo o seguinte comentario: «Deberíamos meterlle unhas imaxes polo medio da praia de Samil, isto parece a terceira idade paseando pola praia». O caso foi que non houbo tempo material para levar acabo a montaxe con semellante aberración, e non se fixo claro está. En definitiva, ao operador foi considerado un excelente cámara, porque soubo transmitir a mensaxe dunha praia *glamurosa*; polo contrario á operadora foi considerada unha mala cámara porque transmitiu a realidade. Entón, que se pode facer nestes casos, cando a maioría do público se sente identificado/a coa praia da Coruña e non coa de Samil?

Por outra banda están as produtoras, que son as que executan as ideas que outros teñen e ade-

tanto é mellor seguir para diante sen reconsiderar nada.

Falar do audiovisual detrás da pantalla, ben selo mesmo que sucede coa cantidade de redactoras que hai en calquera medio de comunicación, sen que iso se traduza nunha mensaxe feminina; séguense os canons que ten establecido a cadea. Noutras seccións, coma aquelas que se poden considerar técnico-artísticas, si podemos encontrármolos con mulleres. Poño por exemplo unha situación que me cadrou vivir de preto. Mes de xullo, unha onda de calor en Galicia, a noticia era que a praia de Samil estaba ategada de xente. Enviaron a un cámara a que fora

### Na actualidade non hai ningún estudo, polo menos coa suficiente relevancia, para saber cantas mulleres traballan en cada sección daquelas que conforman o sector audiovisual


gravar imaxes para o informativo, o operador volveu á redacción coas imaxes da praia de mozas en *top-less*, mozas cun corpo espectacular, parellas bicándose, outras tocándose, en fin que aquilo semellaba desenfreno erótico, o realizador visionou as imaxes e deunas por válidas, fíxose unha pequena montaxe para disimular un pouco a cousa e emitíuse. A Coruña, envían a unha operadora de cámara gra-

mais apostan por elas, pero neste caso cabe diferenciar as produtoras de televisión das produtoras independentes. As primeiras executan o que os directores desexan transmitir á audiencia; as segundas apostan polas ideas que normalmente teñen os seus compañeiros, que admiran coma verdadeiros creadores. Isto converte o audiovisual galego en familias que actúan co nome de produtoras, desgraciada-

mente este mal tamén afecta ao teatro galego, sen ir máis lonxe. Estas produtoras independentes son verdadeiramente de admirar, ou non, depende como se mire. Tense dado o caso de intentar venderlle a un xefe de programación un programa con actitudes pouco decorosas, sendo o compañeiro cómplice do que estaba a facer a súa compañeira. De tódolos xeitos, salvando excepcións, son mulleres de admirar, hipotecan a casa, herdanzas e traballan coma verdadeiras loitadoras para que ao fin o seu nome saia nunha esquina da pantalla. Non buscan o protagonismo, buscan levar adiante unha empresa que saben que se fracasa, fracasa moita da xente que está a vivir da súa produción.

Por último, cal sería a senda a seguir neste galimatías, que dá a

sensación de que todo se move para volver ao mesmo punto? En principio, profesionalizar máis o sector e deixar de aproveitarse de meritorios que saen das universidades e das escolas. Crear realmente industria, cunha visión de continuidade laboral, sen estar pendente exclusivamente das subvencións, que o que fan, é crear unha dependencia na mensaxe, sabemos que o que paga ten dereito a esixir. Implicar a empresas que están dispostas a apostar para que o seu produto se vexa, por exemplo, cunha localización fronte a un escaparate dunha tenda que aporta unha cantidade de diñeiro para que se vexa o seu nome ao fondo. Isto evidentemente está a funcionar en moitas series de televisión estatal. Pero que pasaría cos guionistas, sempre tan fieis ao seu texto? Pois

non estaría mal que se consideraran máis traballadores que creativos, que deixaran de pensar que o seu traballo é único. Isto supón outra forma de escribir, mais se realmente queren vivir de este traballo, non queda outra. E aquí envío unha mensaxe para moitas mulleres que se dedican a este cometido de guionistas, que deixen de someter a súa mensaxe á maioría de homes que están a traballar xunto con elas nun guión concreto. Que realmente esixan que o seu punto de vista sexa respectado e non manipulado por quen supostamente ten o convencemento de que o que está a contar é incuestionábel. Mentres estas mulleres non fagan chegar a súa propia mensaxe do que pensan e senten, é imposíbel contar algo que sexa críbel dende un punto de vista feminino. 

## Servicio de Asesoramento das Mulleres

### ■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

**P**ara a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


**P**ara asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE SANTIAGO**

Concellería da Muller



# A reactualización dos vellos mitos cinematográficos\*

© ANNA AMORÓS PONS\*\*

A partir da década dos anos setenta entraba en crise o *Star-system* cinematográfico. O desenvolvemento crecente da televisión, os diversos usos tecnolóxicos deste aparello doméstico (primeiro co vídeo e recentemente o DVD), as novas modalidades da industria do ocio (discomanía, xogos videoelectrónicos, Internet) e as recentes formas de diversión *week-end* (carreiras de motos, coches, *botellón*) fixeron perder moitos espectadores ás salas de cine. As compañías cinematográficas víronse na obriga de aplicar novas políticas

\* Sobre mitos cinematográficos poden consultar desta mesma autora «A pervivencia dos olímpicos de Hollywood na publicidade», en *Andaina*, núm. 18, 1997. E *O cine na publicidade. Modalidades e técnicas na creación publicitaria*, Santiago de Compostela, Tórculo Edicións, 2000.

\*\* Profesora Titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Universidade de Vigo.



## A meca do cine reacciona e como o Ave Fénix rexorde das chamadas e relanza as superproduccións en macropantalla e grandes efectos especiais

comerciais para facer fronte ao seu rival. Por un lado, reactualizáronse vellas formas de espectáculo e, por outro, buscáronse novas estratexias de contido. Mentres tanto, a televisión convertíase no medio hexemónico e comenzaba a crear os seus propios mitos. Series californianas como «Dinastía», «Dallas» ou «Falcon Crest», ou telenovelas latinoamericanas como «Cristal», «Los ricos también lloran» ou «La esclava Isaura» fluíron polos tubos catódicos de medio mundo duran-

te os anos oitenta e noventa. Producción en serie de historias recorrentes para actores de segunda fila. Personaxes que crearon novos ideais de beleza e conduta entre os telespectadores, polo que a industria do celuloide adoptou algúns arquetipos das míticas series televisivas como «El fugitivo», «Misión imposible» ou «Star Trek». Nos últimos anos, Hollywood mira cara ao negocio dos videoxogos e moitos personaxes das videoconsolas son fonte de inspiración para a pantalla grande como *Tomb Raider*, *Final Fantasy* ou *Resident Evil*.

A meca do cine reacciona e como o Ave Fénix rexorde das chamadas e relanza as superproduccións en macropantalla e grandes efectos especiais. A súa maior manifestación estivo no cine de catástrofes naturais (*Terremoto*, *Aeroporto 77*, *El coloso en llamas*, *La*

*aventura del Poseidón*, *Tiburón*, *Titanic*...), onde os elementos da natureza convertíanse no eixo central do relato. Despois, historias de ciencia-ficción espacial fixeron da máquina o novo *star-system* (*La guerra de las galaxias*, *Encuentros en la tercera fase*, *Blade Runner*, *Terminator*, *Robocop*...). Un rosario de artiluxios metálicos e de plástico (robots, androides, computadoras, astronaves, espadas-láser, vestimentas) convertéronse nos novos fetiches de toda unha xeración. A golpes de destellos de luz de neón e efectos sonoros introducíanos na estética discotequera e das salas de xogos recreativos. Deste xeito, a xuventude preparábase para a noite do sábado co programa musical *Aplauso* e reservaban as enerxías para mover o esqueleto ao ritmo das baladas do grupo Abba, Bee Gees e Tina Turner, mentres que


nas tardes dos domingos converíanse en animados espectadores de filmes como *Fiebre del sábado noche* e *Grease*, onde un noviño John Travolta reactualizaba o mito clásico do *latin lover*.

Nesta mesma liña, e para facer fronte á dura competencia da televisión, apareceu o chamado *cine-tebeo*, un subproduto cultural do período da guerra fría e que fixo rexurdir o arquetipo masculino do *heroie-seductor* –na figura de James Bond o que posuía licencia para matar (Sean Connery & *Company*)– e o arquetipo feminino da *pin-up*, coas súas belas e case espidas *girls* (Ursula Andrew e outras féminas de corpos de vertixe). As aventuras extravagantes do axente segre-

tural da era Reagan que pronto resultou pouco críbel mesmo para os máis pequenos da casa.

A industria do cine precisaba dun novo arquetipo viril máis humano. Primeiro chegou Rambo e despois Indiana Jones e con eles reactualizouse o arquetipo do *heroie-atleta*, musculoso e asexuado. Personaxes-robot, capaces de facer tantas cousas que non teñen atribucións concretas. Homes que demostran a súa virilidade só a través do látigo e das puñadas. Personaxes atemporais que fascinan os nenos, encandilan as nais e as sogras e converten en aventureiros de butaca os pais. Pero, despois chegarían os *remakes...* e a necesidade de buscar heroes máis cercanos. *Tras el corazón verde*

a súa presenza tamén apareceu suxeita á moral da época. Por un lado, reactualízase o modelo clásico de parella, aquel onde o amor puro mantiña o *estar* da acción pero, prodúcese a perda da inocencia: os novos Tarzán & Jane son os protagonistas de *El lago azul*. Vólvese de novo ao fenómeno da *femme-vamp* con *Emmanuelle*, *Fuego en el cuerpo*, *Instinto básico* e *Atracción fatal*. Mentras que o arquetipo *Bad-Good-Boy* (o personaxe duro e inconformista) reaparece da man de Mickey Rourke e o erotismo de papel couché de *Nueve semanas y media*. A nova *flapper* (aquela moza moderna e independente economicamente pero dependente sentimentalmente) aparece na pantalla co ros-




do 007 deron paso a unha nova saga de películas aptas para tódolos públicos. Os heroes *Superman*, *Spiderman*, *Batman* axudaban os gobernantes a construír unha América mellor, a protexela dos seus inimigos e a limpala de malfeitores. O clásico arquetipo viril do *bo americano*, defensor dos ideais ianquis (o que foi heroie do *western*) reactualízase agora nestes personaxes urbanos, de vestimenta un tanto estrafalaria e amplos poderes sobrenaturais, un produto cul-

e *La joya del Nilo*, con Michael Douglas & Kathleen Turner, mostrábanos a nova parella do celuloide: os aventureiros que ademais de vivir experiencias exóticas, sentían, amaban e mantiñan sexo aínda que este foise un tanto edulcorado, como sucedeu tamén co Robert Redford & Meryl Streep en *Memorias de África*.

O contido sexual sempre estivo presente como estratexia comercial da industria cinematográfica. Nas últimas décadas do século XX,

tro de Julia Roberts e o conto da cinsenta en *Pretty woman*.

As estrelas do celuloide manteñen presentes no noso cotián a tradición mitolóxica pero, a imaxe pública que proxectan na pantalla é tan forte que acaban contaminando non só os gustos e desexos dos espectadores senón tamén a súa propia vida privada. Proceso de identificación impactante entre actor-personaxe-espectador. 



# A rede da palabra con

LAURA GÓMEZ LORENZO

‘A palabra de L’ é a tradución literal do título da serie de ficción «The L Word», producida por Showtime e estreada na TV estadounidense en 2004. A creadora e produtora executiva é Ilene Chaiken, quen contou coa guionista e directora Rose Troche (realizadora do filme *Go fish*, un traballo de 1994 que se constituíu nun clásico da escasa filmografía sobre temática lesbiana) entre os membros do seu equipo (cun total de sete guionistas na primeira tempada, cinco

mulleres e dous homes, e seis na segunda, cun só home).

A serie trata dun grupo de amigas da cidade de Los Ángeles, entorno a unha parella de protagonistas: Bette Porter (Jennifer Beals), directora dun museo de arte contemporánea, e Tina Kennard (Laurel Holloman), unha executiva no eido da imaxe e a publicidade. As protagonistas manteñen unha estábel relación de sete anos e queren ter un/a fillo/a xuntas por inseminación artificial, polo que, de

común acordo, Tina –que será a nai biolóxica– deixa o seu traballo. A partir da relación, dos problemas e desencontros desta parella van presentando os personaxes do seu ámbito, outra parella veciña (unha moza que acaba de mudarse a vivir co seu noivo), as súas amigas (lesbianas, unha bisexual), a familia de Bette, algunhas persoas coas que ela traballa no museo... encaideando un enredo de relacións amistosas, amorosas, familiares, sexuais, laborais, etc. que conforman o seu modo de vida e irán trazando as diferentes liñas argumentais.

Ilene Chaiken intentou vender o proxecto hai dez anos, mais daquela ningunha canle se atreveu

As actrices do reparto mesmo comentan non sentirse en absoluto incómodas nas escenas de sexo, un dos atractivos da serie para todo tipo de telespectadoras/es, xa que nunca apareceron tantas entre mulleres por TV nin tan críbeis.

Desde os mesmos comezos da súa emisión desatou polémica e non precisamente nos grupos conservadores que, contra todo prognóstico, non se mobilizaron (na ficción están representados nos primeiros capítulos facendo campaña contra a exposición *queer* «Provocacións», que Bette monta no museo no que traballa e que os manifestantes consideran pornografía). Para Javier del Pino:

As actrices do reparto mesmo comentan non sentirse en absoluto incómodas nas escenas de sexo, un dos atractivos da serie para todo tipo de telespectadoras/es [...]

# e a construción do imaxinario social

con el. Actualmente, nos Estados Unidos rematou de emitirse a terceira tempada. Segundo comentaba nun artigo de *El País Semanal* Javier del Pino:

Un dos primeiros retos da serie era atopar actrices dispostas a interpretar personaxes lesbianas. Os produtores pensaron que ningunha estrela estaría disposta a facelo, pero descubriron que as mulleres son máis abertas que os homes á hora de interpretar a homosexuais. De feito, a primeira actriz á que lle ofreceron o papel protagonista aceptou de inmediato: Jennifer Beals.<sup>1</sup>

A súa gran repercusión social é precisamente a súa falta de repercusión: é a primeira serie sobre lesbianas sen que ninguén –nin sequera os grupos conservadores de suposta defensa dos telespectadores– mostrase excesivo interese por poñer o berro no ceo. Malia que o debate sobre a legalización do matrimonio homosexual divide o país [EE. UU.], a falta de reacción ante «The L Word» demostra que o momento social é moito máis aberto.<sup>2</sup>

Organizaciónslésbicas e feministas dos USA declaraban, sen embargo, a súa preocupación polo

exceso de *glamour* da serie, cun reparto de beleza, cunhas historias idealizadas onde non aparecían problemas económicos nin discriminacións raciais (Bette é mulata, a súa medio irmá Kit é negra e unha das amigas, Carmen, mexicana) nin problemas coa prevención das enfermidades de transmisión sexual ou da SIDA, e nas que as personaxes, aínda que viviran de forma aberta o seu lesbianismo, non parecían alterar a orde patriarcal do seu contorno.

Obviamente ficción é ficción e cadaquén pode contar o que queira como mellor lle pareza, mais tamén é certo que Ilene Chaiken pretendía apostar pola verosimilitude nas historias, visibilizar o lesbianismo e ampliar a mirada da sociedade sobre a homosexualidade feminina. Ela era consciente de que se a súa creación non era ben aceptada pola audiencia, non só fracasaría o seu proxecto, senón que quedarían pechadas durante anos as portas das produtoras de TV a calquera outra serie con personaxes protagonistas lesbianas.

O certo é que a serie foi evoluíndo moi positivamente, complicando a situación económica e laboral das protagonistas, amosando as dificultades nestes ámbitos doutras personaxes, apuntando algúns problemas derivados da procedencia étnica ou relixiosa (a veciña da parella, Jenny, procede dunha familia xudía) –de maneira bastante tópica, mais é un primeiro paso–. Trata tamén a complexa aceptación familiar do lesbianismo (no caso do pai de Bette, dos pais de Dana, da mexicana familia de

<sup>1</sup> PINO, Javier del: «Con L de libertad», *El País Semanal*, 1 de xaneiro de 2006. Formato electrónico en: [http://www.elpais.es/articulo/elpepspor/20060101elpepspor\\_1/Tes/](http://www.elpais.es/articulo/elpepspor/20060101elpepspor_1/Tes/)

<sup>2</sup> Artigo citado.

Carmen), apunta diferentes maneiras de entender unha relación (lesbiana) e os atrancos vencellados coa construción destes novos tipos de familias. Respecto da saúde, aborda a loita física e psicolóxica contra o cancro de mama. Desenvolve valentemente liñas argumentais de transxénero: *drag kings* e proceso de cambio ou reasignación de sexo.

mor e amor lésbico, exclusivamente lésbico.

Ata o momento, fóra dos EE. UU., só foi estreada en Francia, Reino Unido, México, Chile e o Estado Español. Aquí, a plataforma de pago Digital + comezou a emitila dobrada co título de «L» en xaneiro deste ano, finalizando xa a primeira xeira. Ao parecer, un foro de lesbianas españolas recolleu sina-

rectiva, pois na versión española certas escenas desta primeira xeira foron *alteradas* e *suavizadas* provocando fortes críticas no foro creado no seu momento pola propia plataforma. A *cuestión* seguía tendo, unha vez máis, relación co sexo, pero neste caso tratábase máis ben de que persoeiro facía que, dado o contexto cristián e a visión iconoclasta da escena.<sup>3</sup>



Jennifer Beals desempeña un papel protagonista como Bette Porter

Desde os mesmos comezos da súa emisión desatou polémica e non precisamente nos grupos conservadores que, contra todo prognóstico, non se mobilizaron [...]

Máis alá do morbo versus identificación, non faltan tampouco críticas a «The L Word» polo seu oportunismo mercantilista e propagador do xeito de vida norteamericano. Así, a revista electrónica de lesbianas chilenas *Rompiendo el Silencio* recolle a opinión de Mariana Pessah, unha activista lésbico-feminista da agrupación brasileira Mulleres Rebeldes:

Ata é entendíbel que queiramos curtir a erótica de ver a dúas mulleres xuntas, en lugar de tantas parellas heterosexuais. Por exemplo, no verán, durante o Foro Social Mundial, aquí no Brasil, pasaron un capítulo e o lu-

As cifras de audiencia, segundo datos da produtora, pasaron dun millón na primeira xeira a medio millón na segunda; non se facilitan datos da terceira, mais din que as cifras se dispararon de súpeto de maneira imprevista, de xeito que xa consideran a serie un novo fenómeno pop.

Como o equilibrio non é doado de acadar e nunca chove a gusto de todas, a estas alturas hai tamén moitas seareiras fartas de problemas e argumentos lacrimóxicos (certamente a terceira tempada foi excesiva ao respecto), queren ver historias felices, levadas con hu-

turas para solicitar á canle a emisión da serie. Non podemos saber se iso fixo decidirse aos responsábeis, en calquera caso, Digital + emitiu dez días antes do primeiro capítulo de «L» un documental titulado «El mundo L», realizado entre un grupo de amigas lesbianas españolas que falaban das súas vidas, finalizando cunha xuntanza de todas elas para comentar o capítulo piloto de «The L Word» e a personaxe pola que cada unha se sentía máis atraída ou con quen máis se identificaba.

Con todo, a serie debeu producir máis dunha dor de cabeza di-

<sup>3</sup> A escena orixinal mostraba unha peza de vídeo creación que estaba sendo visionada por Bette para a exposición «Provocacións»; nesa vídeo creación un actor representaba a Cristo (nun segundo plano) sodomizando a unha moza espida (en primeiro plano) ante a presenza dalgúns apóstolos. Na versión dobrada ao español, eliminaron a figura do segundo plano, deste xeito amosaban unicamente unha moza espida ante un grupo de homes vestidos, facendo desaparecer o seu referente relixioso.



gar onde o exhibían, estaba cheo! As grandes empresas teñen moi claras as necesidades, por iso sería bo concienciármolos, para que non deixemos que nos invadan coas súas chatarras no nome de mentes «progres-abetas», xente de avanzada, etc. Simplemente, chámase capitalismo feroz entrando nun espazo pouco explotado.

Sen dúbida «The L Word» está xerando elevadas cotas de audiencias, supoñendo un tirón en subs-



### Ilene Chaiken pretendía apostar pola verosimilitude nas historias, visibilizar o lesbianismo e ampliar a mirada da sociedade sobre a homosexualidade feminina

cricións as canles de pago que emiten nos distintos países, e varios produtos de superventas, entre os DVD, os CD da banda sonora, os carteis, libros, xoias inspiradas na serie e deseñadas para as parellas de lesbianas, etc. Loxicamente implica tamén un tironciño para o mercado pirata (especialmente en Sudamérica).

O que dende o meu punto de vista resulta máis interesante do fenómeno «L» é a cantidade de páxinas web, foros e blogs, en varios idiomas, nos que a serie se comenta, independentemente dos contidos máis ou menos frívolos –o lesbianismo está tan ermo en modelos e imaxinarios visíbeis que

tamén a frivolidade se precisa–. Na área espacial máis próxima, moitas mozas lesbianas internautas do Estado Español celebran non ter que contentarse xa coa *casta* relación televisiva entre Maca e Esther, personaxes da serie «Hospital Central». É absolutamente digno de encomio o desinteresado traballo dalgunhas mozas para gravar os capítulos que se van emitindo nos

ninas de coñecidas series que se poden ver nas televisións españolas. E aínda que estas historias tenden a ser moi rosas –no sentido tradicional da cor, léase almibaradas–, tamén é certo que non sae unha Sarah Waters<sup>4</sup> a miúdo.

Coido que o mérito indiscutíbel de «The L Word», máis alá dos seus defectos e virtudes (encóntrolle máis virtudes), é precisamente a visibilización dun lesbianismo diverso, contribuíndo coas súas historias e imaxes á percepción desa parte cercenada da memoria social e constituíndo un referente útil para o imaxinario colectivo.

Somos ben conscientes da enerxía que precisa a inclusión da presenza das mulleres nos diversos ámbitos da sociedade, do que costa deixar rexistro desa presenza e moi especialmente da presenza das mulleres lesbianas e bisexuais. A letra dun tema *funky* da serie está cargada desa enerxía: «Irmás [...] todo vai sobre transformación, sobre cambios. Se algo sabe unha muller, constante, é que o cambio é a única constante [...] Transformacións, variacións, alternancias, desviacións». ☞

EE. UU., facer a versión española dos subtítulos e pegalos nas correspondentes escenas, poñendo á disposición da xente que manexa o E-mule ou o Bitorrent cada un dos capítulos xeira a xeira e ata os CD da banda sonora (desde aquí o meu agradecemento, porque puiden visionar todo o emitido ata a data grazas a este sistema).

A necesidade dun imaxinario lésbico queda ben patente nos relatos de rapazas que escriben aquilo que non poden ler case en ningures, colgándoo despois na rede. Sumáronse tamén á moda dos *fan ficks* (historias feitas por fans), imaxinando relacións sexuais e/ou amorosas entre personaxes femi-

<sup>4</sup> Autora inglesa de novelas de verdadeira calidade literaria con personaxes lesbianas como protagonistas. Están traducidas ao castelán *El lustre de la perla*, *Falsa identidad* e *Afinidad*, todas elas publicadas por Anagrama.



Amalia Méndez coas súas filias

# Unha empresa de soños en mans de mulleres

IRIA VÁZQUEZ ESTÉVEZ

Cando lle preguntei á miña avoa Malucha<sup>1</sup> como se creara o cine en Marín, a súa vila, ela tivo que remontarse á historia da súa avoa, ou sexa a miña tataravoa, ao ano 1917. Di que lembra ben esa data porque estaba gravada na fachada do cine.

A miña avoa Amalia pasáronlle tres desgrazas en cadea. Ela que vivía en Vigo co seu home e os seus fillos, tivo que vir a Marín a coidar da súa nai enferma e cega. Cando esta morreu o seu pai facía as malas para marchar a Córdoba, Arxentina. E despois de que el marchara, decatáronse que os deixara sen nada, mesmo un crédito que lle ava-

lara o seu home. O avó Juan Manuel, do disgusto e abafado pola situación, morreu cicais dun infarto. E así quedou aquela muller, viúva, con seis fillos que criar e chea de débedas.

Un amigo da familia díxolle «Amalita, non tes tempo para chorar, toma as rendas, os bancos véñenche enriba, hai que pórse a traballar».

<sup>1</sup> Así é como coñecen en Marín a Amalia Salazar Martínez, neta de Amalia Méndez, fundadora da empresa do primeiro cinematógrafo da vila.

## Lembranzas dunha época

Deixou que o banco lle levase as mellores terras que tiña. Que outra cousa podía facer! Pero aproveitou un almacén de carbón e salazón e habilitouno como sala de cine. E así foi, no ano 1917 abriu o cine Quiroga.

### Por que un cine?

Naquel momento estaba iniciándose o cine, as películas eran mudas e a miña nai, daquela unha rapariga, tiña que tocar o piano porque as cintas que chegaban non tiñan banda sonora. Era unha empresa familiar, todo o facían entre ela e os seus fillos e fillas: contrataban as películas, atendían a taquilla, puñan a funcionar a máquina de proxección. Non sei ben quen facía de operador, xa que non era tarefa fácil. As primeiras máquinas funcionaba cuns *carbóns*, especie de lápis longo que ao xuntarse orixinaban as imaxes. Era moi difícil e de feito ás veces separábanse os carbóns porque se gastaban e se cortaba a película.

### Por que ese nome M. Quiroga?

Daquela Manuel Quiroga era un rapaz que estaba a estudar para violinista e a miña avoa axudáralo, despois fíxose artista de sona e esqueceuse das súas orixes.

O que si xa lembro eu é cando no 36 requisaron o cine. En Marín había un hospital de guerra e requisaron o cine para que os soldados feridos viñesen ver as películas. Daquela eu collín unha praga de piollos...!

### Quen continuou coa tradición do cine?

Este negocio foi herdándose por vía feminina: da miña avoa pasou á miña nai, a túa bisaboa, Carmen, a *Roxa* (pola cor do pelo, non penses noutra cousa) que era a filla pequena e quedara na casa, pero cando chegou o seu home da guerra, o meu pai, no ano 40, deixou todo nas súas mans. Podo dicir que o amor polo seu home anulouna. Aquela muller que herdara da nai a valentía e a coraxe para tirar da casa e de tanta familia, quedou reducida a muller de...

Neses anos corenta xa houbo unha renovación do cine, as películas eran sonoras. Tanto as miñas irmás coma min traballabamos na taquilla. No ano

47 abrimos outra sala de cine que se construíu na horta da casa. Lembro que se inaugurou co filme *Que bello es vivir* e mesmo viñera a Polifónica de Pontevedra. Acordo a estrea da película *El Gigante* porque tivemos que baixar sillas da casa de tanta xente que había.

E parece que estou vendo aqueles cristaliños que pintaba o teu avó para anunciar «Non se pode fumar» ou para facer publicidade do seguinte estreo. Naquel tempo tamén alugamos unha sala en Pontecaldelas, a propietaria era dona Dolores (a avoa de Josemi, o xornalista). Alí íamos os sábados, domingos e días de feira a proxectar as películas. Moitas veces quedamos no camiño con aquel coche que parecía unha caixa de mistos. Cando se paraba o proxector en Pontecaldelas, eu pasaba medo porque toda a sala se puña a patear.

O peor era a chegada dos inspectores, só viñan nos días festivos e claro o cine estaba cheo, pero no resto da semana, que ás veces só estaba a familia na sala, non aparecían.

Cando lle pregunto os motivos de ter pechado ese capítulo da historia familiarponse un pouco triste, eu creo que ela ben quereda seguir véndonos a nós nesa empresa.

O aforo do cine empezou a baixar coa televisión. Xa nos anos sesenta deixamos a sala de Pontecaldelas. Nos anos setenta aínda a túa nai e a túa tía Amalia traballaron na taquilla, pero os partidos de fútbol televisados en domingo, e despois a aparición do vídeo... tamén a morte da miña irmá, Pancha, que daquela era quen levaba a empresa, xa non se puido resistir co mantemento das salas de cine e fomos deixando primeiro unha e despois a outra. Non tivemos pulo para seguir. E hoxe en Marín non hai ningún cine. ☹

# Prostitución y derecho en el cine<sup>1</sup>

## Libros



FELICIA ESTÉVEZ

Obra coordinada por Enrique Orts Berenguer na que se recollen as análises e reflexións feitas por sete xuristas a partir de sete películas que sendo de distintas épocas e nacionalidades teñen como fio común a prostitución.

Miriam Cugat Mauri, profesora titular de Dereito Penal da Universidade Autónoma de Barcelona, propón a película *Whore*<sup>2</sup> na que a protagonista, prostituta, (Theresa Russell) diríxese ao público nun monólogo transmitindo que ela non quere deixar de ser prostituta, só quere saír do papel que a marca. Quere arrincar o estigma que se interpón entre ela e o seu fillo. Reclama a súa dignidade como persoa, os seus dereitos que nin respectan os demais nin a policía protexe.

Miriam Cugat analiza os interrogantes que formula o filme:

- ▶ O sistema penal protexe as prostitutas?
- ▶ As prostitutas necesitan protección?
- ▶ Teñen dereito, as prostitutas, a esperar ou esixir algunha clase de protección pública?

A reflexión sobre o tratamento xurídico que reciben as persoas dedicadas á prostitución entraría no debate entre o modelo prohibicionista (que aparece na película) fronte a un modelo permisivo ou intervencionista (Holanda ou Austria).

O filme dirixido en 1967 por Luís Buñuel, *Belle de Jour*, é analizado por Gonzalo Quintero Olivares, Catedrático de Dereito Penal da Univ. de les Illes Balears. Esta película prohibida pola censura española daqueles anos, rompe coa idea da prostitución forzada xa que a protagonista, Catherine Deneuve, toma a decisión de exercer a prostitución voluntaria e libremente.

Tomando como punto de partida esa idea, Gonzalo Quintero escribe sobre a lexitimidade da práctica da prostitución como algo ao que ten dereito calquera persoa maior de idade.

Ángeles Jareño Leal, profesora titular de Dereito Penal da Universidade de Valencia, fai a análise a partir da película *El matrimonio de María Braun*.<sup>3</sup> A prostitución aparece nesta película non de forma dramática senón como valor de cambio exercido de forma voluntaria pola protagonista. Na primeira parte da película María Braun, despois da desaparición do seu home no fronte ruso (segunda

guerra mundial), decide exercer a prostitución como alternativa máis rentábel para subsistir ela e a súa familia. Na segunda parte a protagonista ascende económica e laboralmente e vai utilizar o sexo como valor de cambio e ascenso social.

Partindo desta realidade a autora reflexiona sobre as razóns para a prostitución: nun caso por necesidade o que pon de manifesto a falta de liberdade na elección; noutro caso para conseguir éxito profesional. E continúa resumindo as opcións en materia de prostitución nos distintos países de Europa entre abolicionismo (Suecia, Francia) ou legalización / regulamentación (Holanda, Alemaña).

A *vida de Oharu* é unha película xaponesa do ano 1952, dirixida por Kenji Mizoguchi que narra a vida dunha xove no Xapón do s. XVII. A vida desta moza depende da vontade do pai quen a vende primeiro como concubina e despois como cortesana.

<sup>1</sup> ORTS, Enrique: *Prostitución y derecho en el cine*, València, Tirant lo Blanch, 2002.

<sup>2</sup> *Whore*: Película norteamericana do ano 1991, con guión e dirección de Ken Russell.

<sup>3</sup> *El matrimonio de María Braun*: película alemana de 1979, dirixida por Rainer Werner Fassbinder.

A partir do tema desta película M.<sup>a</sup> Luísa Maqueda Abreu, catedrática de Dereito Penal da U. de Granada, fai un percorrido polas distintas maneiras de tráfico internacional de persoas con fins sexuais. Neste caso aborda o tema das redes de prostitución e a chegada a Europa Occidental de mulleres de Asia, América do Sur, África e recentemente de Europa Oriental para exercer a prostitución.

Carmen Tomás-Valiente Lanuza, profesora Titular de Dereito Penal da U. de València, escolle a película de Martin Scorsese *Taxi Driver*, para escribir sobre as posibles razóns para reprimir penalmente comportamentos relacionados coa prostitución: actitudes moralistas, rexeitamento da prostitución por ser unha práctica en si mesma indeseable; consideracións sobre o grao de madurez da persoa que se prostitúe; a consideración de que o negocio sexual é unha actividade degradante aínda que quen a exerza non a perciba como tal.

A autora considera que estas razóns non poden lexitimar a represión de comportamentos relacionados coa prostitución voluntaria sobre a base desa suposta lesión da dignidade de quen a exerce.

Sobre o tema da dignidade tamén trata a película escollida por Enrique Orts Berenguer, Cate-

drático de Dereito Penal da U. de València, *Le notti di Cabiria* dirixida por Federico Fellini no ano 1957. Neste capítulo Enrique Orts fai unha serie de reflexións sobre a dignidade dunha prostituta. A partir de distintas definicións sobre o Dereito pregunta:

- ▶ O exercicio da prostitución é prexudicial para a convivencia?
- ▶ Imposibilita o arbitrio do outro segundo unha lei xeral de liberdade?
- ▶ Degrada a práctica da prostitución por si soa?
- ▶ Cómpre por tanto prohibila por iso?

As dúas últimas cuestións, que son as que se propoñen no filme, Orts contéstaa escribindo «A degradación dun ser humano, como é evidente, non se produce irremisibelmente en virtude da súa ocupación... [...] Por tanto, se se recoñece o dereito de toda persoa a usar, disfrutar e dispór do seu corpa para o exercicio da sexualidade, se se admite que a dignidade non se menoscaba por recibir uns emolumentos en concepto de honorarios profesionais polo servizo erótico proporcionado, resulta innecesaria e ilexítima a inxerencia legal represiva nestes pagos».

Ruth Mestre i Mestre, Profesora Axudante de Filosofía do Dereito da U. de València, a partir da película *Pantaleón y las visitadoras* (ano

2000) fai unha serie de reflexións interesantes sobre o tema da prostitución. Fai unha análise desde o punto de vista da película, regulamentarista<sup>4</sup> e continúa analizando as políticas públicas en materia de prostitución e en materia de inmigración de mulleres. Realiza unha crítica moi interesante sobre o rol de *vítima* que se lle supón a unha muller estranxeira para poder ter un recoñecemento legal, para poder ter acceso aos *papeis*. ☞

<sup>4</sup> «[...] A prostituta e o cliente teñen capacidade contractual e actúan en igualdade de condicións: o poder da muller está no coñecemento sexual que o home necesita; o poder do home está nos cartos. [...] A relación entre o cliente e a prostituta non é distinta da relación entre outro profesional e os seus clientes..... As prostitutas son adultas que elixen libremente unha profesión. [...] O recoñecemento da actividade é necesario por dúas razóns: por un lado, para sacar á luz os cartos que circulan no mundo da prostitución; por outro para recoñecer dereitos ás traballadoras do sexo en tanto que traballadoras: saúde, pensións, sindicación...».

# Libros sobre maltrato

## Libros

HIRIGOYEN, Marie-France:  
*Mujeres maltratadas. Los mecanismos de la violencia en la pareja*, Paidós, 2006.

PENFOL, Rosalind B.:  
*Quiéreme bien. Una historia de maltrato*, Barcelona, Lumen, 2006.

 NANINA SANTOS

Recentemente chegaron as librerías en tradución ao castelán dous libros co denominador común do maltrato nas relacións amorosas ou de parella:

HIRIGOYEN, Marie-France: *Mujeres maltratadas. Los mecanismos de la violencia en la pareja*, Paidós, 2006.

PENFOL, Rosalind B.: *Quiéreme bien. Una historia de maltrato*, Barcelona, Lumen, 2006.

Diferentes aínda que comparten algunhas ideas de sustancia e veñen incidir ambos na terrible cuestión dos malos tratos na parella, mesmo pode verse como o libro de Rosalind B. ilustra, e con moitos matices, ideas que expresa Hirigoyen.

O de Rosalind B. Penfold é un groso volume de 253 páxinas en banda deseñada, tamén dito cómic, e *relata* unha historia de maltrato, como reza o subtítulo. A protagonista debuxaba mentres un camiño lamacente de maltrato verbal, emocional, sexual e finalmente físico se ía instalando na súa vida e do que ela mesma non era consciente. Ela, unha muller formada e informada, cun nivel económico elevado e ampla autonomía. «Un día –como ela di– tropecei cos



meus debuxos» e os seus propios debuxos fórona levando directamente á porta. Non puido xa manter as excusas, xustificacións e resistencias.

É un libro honesto, que conta unha historia de vida.

Confía, e esta é basicamente a motivación de preparar os debuxos para edición en forma de libro, en que os seus debuxos axuden os homes e as mulleres a recoñecer os trazos do maltrato. Até que non saibamos poñerlles nome, non seremos capaces de recoñecelos. E se non podemos recoñecelos, porémonos en perigo. Agarda tamén que as súas imaxes axuden a todas as persoas que estean en contacto con familias –veciños, amigos, persoal educativo e sanitario, servizos sociais e de seguridade cidadá– a comprender de xeito gráfico o que pode estar sucedendo na intimida-

de dun fogar. «Esta é a historia dun fenómeno universal, non dun fenómeno illado. Todos os nomes, lugares e datas teñen sido cambiados. Son consciente de que non todos os maltratadores son homes e non todas as vítimas son mulleres, pero só podo contar a miña historia desde o punto de vista dunha muller, e confío en que os homes conten a súa. A verdade sempre proxecta luz nos lugares escuros: iso é o que fai que as sombras sexan tan pronunciadas».

Ven afortalar coa súa propia testemuña esa cuestión importante: **romper o silencio que rodea a violencia.**


Lese moi ben e resulta útil –de xeito moi visual– para entender mecanismos de atrape e enganche, o que a nosa outra autora explora con detalle: o dominio. Hirigoyen, a quen moitas persoas coñecemos da man do moi interesante libro *O acoso moral* (1999).

Agora, 186 páxinas e unhas poucas máis con teléfonos das oficinas de atención as vítimas e asociacións de axuda ás mulleres de diversos países de América central e do sur.

Na introdución avánzanos a brochadas as ideas que vai desenvolver ao longo do libro:

► Toda violencia é ante todo psicolóxica, é dicir que **todo empeza**





moito antes dos empurróns e dos golpes. Cando comezan os golpes, xa se ten achantado o camiño, xa se teñen eliminado as defensas das mulleres.

► A maior dificultade á hora de facer a análise da violencia na parella é a tentación de obxectivala, é dicir, facela independente da subxectividade dos seus actores. Desde fóra pode verse doutro xeito, porén... di Hirigoyen que as mulleres só miden a violencia en función do que senten e a intencionalidade e que mentres exista un equilibrio entre control-denigración e amabilidade, a situación é soportábel.

► Outra dificultade importante: o termo violencia engloba realidades moi distintas.

► O que está en xogo coa violencia sempre é a dominación, os

procesos de dominio que paralizan as mulleres.

► Usa a expresión «violencia de parella» que prefire á de violencia de xénero, xa que esta violencia tamén se exerce en parellas homosexuais. Trátase dun maltrato que se produce na intimidade dunha relación de parella, cando un dos dous membros, con independencia do seu sexo, trata de impór o seu poder pola forza. Non obstante a exercida contra as mulleres é, con moito, a máis xeralizada, non en van é unha dominación do máis forte sobre o máis feble e culturalmente a muller é a máis feble.

► A importancia e a forza do contexto social, que nos modelan e dan pábulo a perfís psicolóxicos individuais.

Cinco capítulos:

1. Vivir baixo os golpes, que feridas provoca?
2. O dominio.
3. Quen son os individuos violentos.
4. Saír do dominio.
5. A axuda exterior.

Conclusión (páx. 177), anexos (páx. 179 e ss.), bibliografía (páx. 199).

Dá moita importancia á violencia psicolóxica e alértanos dos perigos de deixala de lado.

Non se trata dun desliz puntual, senón dun xeito de relacionarse. «Indiscutibelmente, prodúcese un disfrute ao dominar ao outro cunha simple mirada ou un cambio do ton» (páx. 25). Ademais é ben razoábel o que nos di: «cando se producen os golpes xa se ten preparado o terreo».

Falar só dos golpes implica o risco de deixar a un lado a violencia das mulleres contra os homes. A violencia non é patrimonio exclusivo dos homes; as mulleres saben perfectamente recorrer a ela. Cando o fan valéñse máis facilmente da violencia psicolóxica ou da manipulación perversa.<sup>1</sup>

Non deberá sorprendernos saber que as denigracións que usan unhas e outros son distintas. Atacan eles máis o rol materno da muller, as súas capacidades domésticas ou as súas cualidades como amante... correspondéndose co estereotipo social da muller. Elas apuntan, seguindo a mesma lóxica, aos estereotipos masculinos, feminizándoos, «impotente, marica; es moi pouca cousa, maricón!», que cita Hirigoyen dun estudo quebequés (páx. 32).

Tamén importa considerala porque o atranco principal para saír destas situacións non é a dependencia material, por importante que resulte. Os mecanismos de enganche para entrar nas situacións de dominio, as sensacións de vergoña, as rupturas de identidades ou o desmoronamento interior, as vulnerabilidades psicolóxicas, cando o medo forma parte integrante da túa vida e cres que ninguén pode axudarte, cando a carencia de poder formal leva a instalarse no terreo da omnipotencia e crer que



podes cambiar o outro... mecanismos de calado e que contribúen a reforzar a vulnerabilidade social na que xogan as mulleres.

O control, o illamento, os ciumes patolóxicos, o acoso, a denigración, a humillación, os actos de intimidación, a indiferenza ante as demandas afectivas, as ameazas... mecanismos diversos que se usan para engrandecerse a costa de rebaixar ao outro... podemos descubriras marabillosamente no libro e nos debuxos de Rosalind B se é que non queremos tamén explorar en nós, nos nosos desexos e represións e nos nosos arredores.

Explícanos Marie-France H. o proceso de instauración do dominio (non é cuestión dunha persoa, senón dunha relación) que se inicia coa sedución que *pesca* os *instintos* de protección feminina. «Non se trata dunha sedución amorosa, recíproca, senón dunha sedución

narcisista, destinada a fascinar ao outro e, ao mesmo tempo, paralizalo.<sup>2</sup> [...] A destrución só chegará despois, por medio de estratexias sutís como a persuasión, a sedución e a manipulación e mediante estratexias de dominación máis directas, como a coerción»

<sup>1</sup> Luis ROJAS MARCOS incide nesta mesma idea no interesante artigo «Os estragos do acoso escolar», *El País*, 2/04/2005: «Mentres que os varóns tenden a utilizar a agresión física e verbal, as mozas recorren á marxinación, os bulos e a manipulación das relacións. Eles e elas ansían a sensación excitante de poder que experimentan cando subxugan física e emocionalmente ás súas vítimas».

Outros datos que nos obrigan a *sacar ás mulleres* do terreo da bondade que tantas lle apoñen cada vez que falamos da *violencia de xénero*: «[...] a porcentaxe de mozas e mozos no *bullying* escolar é semellante, nas parellas lesbianas a porcentaxe de maltrato é semellante ou algo superior ao das parellas heterosexuais. No *mobbing* laboral son as mulleres as que maltratan ás mulleres en porcentaxe superior que os homes; por último, nos estudos sobre o maltrato infantil dísenos que nas familias biolóxicas maltrata máis a nai» (en Amaia BERANOAGIRRE: *Violencia estructural o de género*, novembro, 2005).

<sup>2</sup> Proceso que moi ben describe Nevenka Fernández –a concelleira de Ponferrada que denunciou ao alcalde por acoso– en MILLÁS, J. J.: *Hay algo que no es como me dicen. El caso de Nevenka Fernández contra la realidad*, Madrid, Aguilar, 2004.



(páxs. 73-74). Proceso que non é exclusivo das relacións de parella; en rexistros semellantes están o *lavado de cerebro* ou os mecanismos de enganche das *sectas*. O dominio reafirma a autoridade provocando medo, ansiedade, incertidume, confusión.

Que finura a de Hirigoyen cando escribe por exemplo que «No fondo, trátase de transmitir sentimentos hostís, sen expresar nunca nada, para impedir o intercambio!» (páx. 79).

Porque non sempre se pode expresar nin dicir nada preciso, concreto e as persoas que están fóra da relación non conseguen percibir e mesmo as máis próximas á vítima poden chatala de *ver visións* culpabilizando a vítima, que xa por si propia, en tantas ocasións, tende a verse inmersa nese proceso de «inversión da culpabilidade». Cando falamos de maltrato nas relacións de parella non tomamos un episodio puntual, senón a repetición ou distintas prácticas psicolóxicas nas que chantar o dominio e a submisión. Non falamos das típicas e tóxicas disputas de parella. No maltrato non hai simetría, as dúas partes non son iguais, cuestión que hai que considerar e sopesar ben nas prácticas de MEDIACIÓN (que desaconsella a nosa autora nos casos dos narcisistas perversos, páxs. 143, 163).

Unhas últimas cuestións, que se abordan no libro e que me interesa mentar porque están en debate no seo das asociacións de mulleres e profesionais que traballan con vítimas ou actores de violencia e tamén nas persoas responsábeis da elaboracións de leis sobre estes temas.

No capítulo «Saír do dominio» e no apartado que dedica a «Os homes violentos deben submeterse a tratamento?» (páxs. 143 e ss.), onde di moitas cousas de interese. Unhas coñecidas, outras novidas: «Os homes violentos son homes que non falan. Só se expresan abertamente coa ira. Polo tanto hainos que axudar a recuperar as emocións perdidas, as da infancia, e ensinalos a comunicarse dun xeito que non sexa recorrer á violencia. O obxectivo é permitir que eses homes recuperen un lugar de suxeito de pleno dereito. É preciso que consigan deter a espiral que os arrastra a reproducir sempre o mesmo tipo de relación cunha muller» (páx. 145). Logo xa en función dos perfís de violentos, os tratamentos serán distintos.

«Marcharse ou quedarse?». Diremos: é útil non dar nada por sabido, non simplificar, senón ser quen de medir todas as cousas que están en xogo en relacións deste tipo e non facer dogmas nin regras iguais para todas as persoas por-

que unha das cuestións insertas neste asunto é a subxectividade e non é cousa que ninguén decida por un o que ha de facer aínda que tantas persoas crean que *eu sei mellor ca ti o que a ti che convén* e decidan pasar por riba da vontade dos suxeitos, por alienados ou dominados que estean ou que así os percibamos.

A cuestión é gañar autonomía por parte das mulleres. **Canta máis autonomía unha muller teña, menos poder sobre ela terá o seu compañeiro.** Si que importa, aparte de que se queden ou marchen, que aprendan a dicir basta! e a establecer as súas condicións. Se marchan, resulta vital preparar a partida.

A respecto desas idas e vidas das mulleres que marchan e volven e voltan marchar e regresan a casa co compañeiro que as maltrata e que desespera a tantas persoas profesionais, algunhas delas que atribúen a vulnerabilidade psicolóxica destas mulleres ao masoquismo,<sup>3</sup> as reflexións de Hirigoyen van na liña de tantear, en-

<sup>3</sup> É belicosa Hirigoyen na atribución ao masoquismo. Xa o planteaba no libro de *El acoso moral* e volta aquí sobre a cuestión tan querida a algúns psicanalistas. A fácil e simple explicación que non obriga a entrar nos mecanismos de dominación e no modelado de estereotipos de xénero (masculinos e

saiar a autonomía, de enfrontarse aos medos e de ir gañando capacidades e afirmación. De ir despedíndose e aprendendo a vivir doutro xeito e sen o compañeiro.

Preparar a partida, porque di ela, igual que constatan as estatísticas e todas as persoas que traballan neste ámbito... Falamos de momentos perigosos e convén que as decisións estean pensadas e medidas.

Relevante tamén é a cuestión sobre a que poucas veces se reflexiona, vencellada ao recoñecemento de que son vítimas –que non culpábeis–, básico para a curación das súas feridas, xunto ao castigo ao agresor (páx. 168). Dito e sentado isto, non se pode botar en saco roto a idea de que «hai que ir con coitado para non fechalas nunha posición de vítimas e non incitalas a reivindicacións interminábeis. É normal que unha muller á que pegaron e maltrataron reciba unha compensación, porén o pago dunha indemnización por danos e prexuízos non se aplica forzosa-mente a todas as circunstancias e, en particular, en caso de violencia psicolóxica. En ocasións, vemos mulleres que foron infelices na súa vida de parella e que, no momento do divorcio, queren *facerllo pagar*, no senso literal, ao seu excónxuxe. Estas mulleres tamén deben asumir a súa parte de responsabi-

lidade. O importante, ante todo, é que a situación cese e que poidan reconstruírse outra vida. As queixas e reivindicacións interminábeis non permiten o cambio. Así libran unha guerra de sexos que sempre vai en detrimento dos fillos. «[...] Para evitar entrar nun proceso de vinganza eterna, a vítima debe poder nomear o prexuízo sen agresividade». (páx. 169). De igual xeito que importa a análise das historias individuais facendo análise «con ela da fascinación que exerce ser vítima, o que algúns psicólogos traducen polo “gozo de ser vítima”» (páx. 141).

O discurso actual que denuncia a violencia exercida contra as mulleres pode resultar perigoso se non se matiza, xa que tende a enfrontar homes e mulleres. De nada serve afondar máis a brecha entre os sexos e considerar a toda a poboación masculina como potencialmente violenta.<sup>4</sup>

«Trátase, pola contra de os ensinar a funcionar xuntos sen recorrer á dominación/submisión. A nosa sociedade non é unha sociedade dirixida polos homes contra as mulleres, senón unha sociedade dirixida por determinados homes dominantes contra calquera que sexa máis feble, o que por suposto inclúe as mulleres. É a lei do máis forte e a eses homes interésalles conservar o seu poder. [...] Sería

necesario que os homes que funcionan noutro rexistro, que se permiten unha meirande sensibilidade e tenrura se fixesen valer máis... a afirmación do desexo pode facerse sen recorrer á imposición agresiva» (páx. 171).

Se ben a violencia psicolóxica debe terse en conta, non se trata de convertela nun problema xurídico. Sería máis útil loitar contra as mentalidades sexistas dos homes, educar os nenos para que respecten as nenas e liberar ambos sexos dos estereotipos que se lles atribúen.

Resulta fundamental que as mulleres aprendan a detectar os primeiros signos de violencia e os denuncien, non necesariamente para iniciar un proceso xudicial, senón para encontrar nelas memas a forza que lles permita saír dunha situación abusiva. **Comprender por qué se tolera un comportamento**

femininos), así como nas configuracións das personalidades e a responsabilización social das mulleres do éxito da parella, da familia... que as fai sentir avergoñadas das súas propias incapacidades para crear un fogar feliz e desde logo dos *fertilizantes* que para a violencia supoñen o alcohol ou outras substancias.

<sup>4</sup> Nesta mesma liña insisten Rosaura GONZÁLEZ, e Juana Dolores SANTANA: *Violencia en parejas jóvenes canarias*, Madrid, Pirámide, 2001. Sinaladamente para o ámbito da prevención.

intolerábel tamén significa comprender cómo se pode saír del. Grazas a unha comprensión precisa dos mecanismos da violencia que sofren, as mulleres hanse desembarazar do dominio que as paraliza e a nosa sociedade poderá implantar unha prevención.

Aporta Hirigoyen desde a súa experiencia profesional (psiquiatra, psicoanalista e terapeuta familiar) moitas ideas para as persoas que desde distintos ámbitos profesionais traballan estas cuestións e que convén coñecer, debater e considerar sobre a conveniencia ou non de terapias familiares en situacións de malostratos, terapias nalgúns tipos de violencia, as mediacións, o proceso de comprender, a axuda exterior, a sensibilización para detectar os primeiros síntomas de maltrato para actuar antes de que cheguen os golpes...). Tamén repite esa idea común entre os es-

tudosos –e que tantas veces se ignora ou prefire ignorar– todas as formas de violencia están vencelladas: violencia e intimidación nos colexios, violencia conxugal coas súas repercusións nos nenos, violencia no mundo laboral...

Sabemos que non se poden cambiar as mentalidades dun día para outro, porén aos poucos pode minarse o terreo que sustenta os mitos e prexuízos con traballos de sensibilización, información e educación, fomentar o non-sexismo, responsabilizar os homes e a sociedade ao completo e nesta tarefa, como remata nas dúas páxinas de conclusións, importa, e moito, o traballo que se faga –e fagan– os profesionais da infancia, o profesorado e traballadores sociais a respecto dos nenos e nenas expostos a violencias na parella.


Dous libros magníficos, de obrigada lectura para quen traballe nes-

te eido por razóns de profesións, para quen se ve na obriga de facer leis sobre a violencia *de xénero*<sup>5</sup> ou debatelas.

Para as feministas sempre interesadas nas cuestións importantes que atinxen á vida das mulleres e para todos os seres humanos –independentemente do seu sexo– que queiran contribuír coas súas actitudes e comportamentos –no público e no privado– a uns valores sociais máis igualitarios, máis respectuosos e menos tolerantes coas leis *dos máis fortes*. ☞

<sup>5</sup> Cada vez máis en textos ou conversas se usa a palabra xénero como sinónimo de feminino ou muller, anulando un dos potenciais que esta enigmática palabra tiña. Se falamos de xéneros, *tam* o feminino *quam* o masculino. Se queremos falar doutra cousa, precisemos a qué nos estamos referindo.

**Librería**



**Michelena**

R. Michelena, 22  
Tel: 85 87 46 Pontevedra

librería  
**couceiro**



R. República de el Salvador, 9  
Tel: 56 58 12 Santiago

**CARTELES**



Café

Rúa do Sol, 139-141  
Tel: 35 31 66 Ferrol

# Trabajar en la industria del sexo y otros tópicos migratorios

## Libros

AGUSTÍN, Laura María:  
*Trabajar en la industria del sexo y otros tópicos migratorios*, Donostia / San Sebastián, Gakoa, 2004.

CELIA BALBOA GUERRA

Baixo este título Laura María Agustín, socióloga e investigadora co Pavis Centre for Cultural Studies da Open University do Reino Unido, recompila unha serie de ensaios e artigos que posúen a innegable valía de cuestionar certas verdades absolutas no que atinxe á prostitución. Laura María Agustín deconstrúe o concepto mesmo de prostitución desvelando saberes establecidos que con frecuencia agochan a prepotencia implícita das miradas que se arrogan o dereito de vitimizar as outras/os. O rigor dos seus escritos vén avalado por dez anos de estudo sobre a migración e a industria do sexo, traballando no Caribe e América latina en programas de capacitación de adultos, alfabetización e prevención da SIDA entre persoas que venden servizos sexuais.

As reflexións de Laura María resultan alentadoras, vivificantes e tamén desafiantes co discurso vitimizador e moralista que impregna as representacións mediáticas da prostitución e os seus vínculos coa migración no primeiro mundo. Os seus ensaios desmontan un a un prexuízos e preconceptos que, a forza de reiteralos, pasaron xa a formar un discurso indiscutible que ao final acaba revelándose como o discurso da sinrazón.



A autora comeza xa por desafiar o prexuízo determinista que entende que o acto de migrar, para o caso das mulleres, soamente pode xustificarse como resposta forzada polas circunstancias económicas, idealizando ao mesmo tempo a súa terra e o seu fogar, que teñen que abandonar, cunha concepción da emigrante como despoxada do lugar ao que pertence. Este discurso esquece que non todas as persoas desposuídas emigran, que non todas teñen as mesmas ambicións e que para moitas o feito de migrar non supón un trauma senón unha solución convencional para colmar as súas lexi-

timas ambicións de benestar. Neste sentido resulta curioso descubrir como a decisión dun home de viaxar a outro país para traballar enténdese como produto da normal ambición masculina. Sen embargo ese mesma decisión nunha muller vén tinxida sempre de coacción, tráfico ou violencia, esquecendo deliberadamente a realidade de que para moitas mulleres a súa propia cultura pode ser tremendamente abafante, que na emigración está tamén a posibilidade de fuxir de prexuízos relixiosos, traballos sen perspectivas e de supervivencia, rúas perigosas, pais autoritarios ou noivos violentos cando non matrimonios forzados.

Cando se constrúe a imaxe de traballadora sexual emigrante como traficada estase a dar por sentado que foi arrincada do seu entorno e contra a súa vontade, permitindo así que as políticas de deportación parezan mesmo benévolas. Co discurso sentimental de vítimas inocentes pero sen voz, xustifícanse grandes actuacións policiais, así como as políticas de peche de fronteiras e o endurecemento das leis de estranxeiría.


Outro dos preconceptos máis intolerables radica na percepción do corpo da muller como un lugar indefenso, onde os seus órganos e

experiencias sexuais constitúen elementos esenciais do seu ser e a súa autoestima. Non se pode dicir o mesmo do corpo masculino, pois este aínda que venda un servizo sexual sempre se considera *poderoso* polo feito de ter pene. A vaxina concíbese sempre como vulnerable. Pois ben, é necesario recoñecer que a utilización do corpo para obter unha ganancia económica pode non resultar tan perturbador nin importante para moitas mulleres. Que a súa ocupación nos servizos sexuais non é experimentada como algo que define esencialmente o seu estar no mundo.

Moitas traballadoras sexuais recoñecen que aínda que o seu traballo non lles gusta, é mellor que outras opcións que tampouco lles gustan. Sen embargo existe unha tendencia a desautorizar a opinión das traballadoras do sexo cando esta non se axusta ao guión vitimista: muller sempre traficada, vítima de mafias violentas e para o exclusivo pracer do machista pervertido e prepotente. Existe unha inxenua e ás veces deliberada, tendencia a elaborar un pensamento único sobre a prostitución, que nega, sen dar razón algunha, as situacións para as que non se ten explicación, esquecendo que o coñecemento

dunha realidade non quita veracidade a outras.

Cando se fala de prostitución e emigración existe toda unha representación oficial constituída por convenios internacionais, investigacións subvencionadas, políticas sociais, asociacións sen ánimo de lucro, planos de seguridade cidadana, etc. que configuran un enramado de intereses propio e crea un discurso pechado e universal que entende toda forma de prostitución como violencia contra as mulleres, como se a verdade dalgunhas, ou de moitas, fose a verdade de todas.

Eticamente resulta imprescindible facer o esforzo de superar o silencio das mulleres prostitutas, e dentro deste esforzo o traballo de Laura María Agustín contribúe decididamente de forma valente e rigorosa a debuxar o fresco da prostitución como unha mestura de moitas realidades onde a cor tamén existe. 



## Cine

Xénero: Drama.

Nacionalidade: Canadá / India.

Ano: 2005.

Directora: Deepa Mehta.

Interpretes: Lisa Ray, Seema Biswas, John Abraham, Sarala, Manorama, Kulbhushan Kharbanda, Waheeda Rehman, Raghuvir Yadav.

# Agua

directoras máis comprometidas do cine indio. Deuse a coñecer coa película *Fuego*, que apareceu nas pantallas no ano 1996, e narra o amor entre dúas mulleres indias. O seguinte filme, *Tierra* é de 1998, e agora completa a triloxía con *Agua*.

A directora elabora un filme no que relata a difícil situación das viúvas na India ao ser desprezadas pola sociedade por ser consideradas portadoras de mala sorte, por iso os seus homes morreron.

Na actualidade, explica Deepa Mehta, hai na India 34 millóns de viúvas, e 11 millóns delas viven en *ashrams* nunhas condicións deplorábeis.

A rodaxe do filme, que tiña que empezar no ano 2000 en Varanasi, tivo que ser suspendida polas protestas organizadas por fundamentalistas que acusaban a película de ir contra a relixión hindú. O proxecto tardou catro anos en volver a pórse en marcha, esta vez en Sri Lanka, onde entre outras cousas, houbo que cambiar o reparto por completo.

Tras rodar varias películas sobre a sociedade india (*Fuego*, *Tierra*), Deepa Mehta converteuse en persoa *non grata* no seu país por ter ensinado ao mundo imaxes rexeitadas pola cultura india.

Aínda así, o filme conseguiu o premio do Xurado Xove no festival de Valladolid e está proposto para nove premios Genie da Academia do Cine de Canadá, país produtor da película. **6**



No filme casan unha nena de apenas oito anos, Chuyia, cun ancián que morre na mesma noite. Despois do enterro do home, empezan os preparativos para a nova vida da nena: aféitanlle a cabeza, ten que ingresar nun *ashram*, lugar de retiro onde viven as viúvas e gobernado por unha delas, Madhumati, que controla a vida das outras e que ademais obriga as viúvas máis novas a exercer a prostitución para acadar fondos para a casa.

Chuyia vai ser a mensaxeira entre o estudante Narayan, pertencente a casta social máis elevada da India e unha viúva nova, Kalyani, que ten que vivir baixo as rixidas normas do *ashram*.

Os planos das viúvas máis velhas, o contraste coa nena á que se lle augura ese mesmo fin, as cores amarelas cando pintan as cabezas, os brancos das súas vestimentas son unha recreación para os sentidos. A rebelión da nena ante aquela situación, a súa negación a obedecer os mandatos de Madhumati, reflicte esa loita dos máis débiles cando atopan un muro de intransixencia imposible de saltar.

Deepa Mehta, directora e guionista deste filme, naceu en Amritsar (India) en 1950, pero agora está vivindo en Canadá. É unha das

### Sinopse:

A historia transcorre en 1938, na India colonial, en pleno movemento de emancipación liderado por Mahatma Gandhi. Segundo as crenzas hindús, cando unha muller casa, convértese na metade do home. Polo tanto, se el morre, considérase que a metade da esposa morreu. Os libros sagrados din que unha viúva ten tres opcións: casar co irmán máis novo do seu home, arder co seu home ou levar unha vida de total abnegación e retiro.

# axenda

## PUNTOS DE VENDA

### A Coruña

**Librería Couceiro.** Praza do Libro, 12

**Librería Xiada.** Avd. de Fisterra, 76-78

**Librería Lume.** Rúa Fernando Macías

### Pontevedra

**Librería Michelena**

Rúa Michelena, 22

**Librería Paz.** Peregrina, 29

### Santiago

**Librería Couceiro**

Rúa do Hórreo, 9

**Librería Pedreira**

Rúa do Home Santo, 55

**Baba.** Área Central

**El Kiosko.** Praza de Galicia

**Ártico.** Rúa do Vilar, 49

### Ourense

**Livraria Torga.** Rúa da Paz, 12

## ALGÚNS

## ENDEREZOS E TELÉFONOS

## DE INTERESE

### Lugo

**Casa da Muller. Concellería da Muller**

Avda. da Coruña, 212. Tel.: 982 206 336

### Santiago

**Servicio de Asesoramento das Mulleres.**

**Concellería da Muller**

Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.

Praza da Constitución s/n. Tel.: 981 571 461

### Vigo

**Alecrín**

**Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca**

Horario: de luns a xoves, de 9.30-13.30 e de 16.30-20.30 h

García Barbón, 30 - 5º. Oficina 8

Tel.: 986 439 459

**Casa das Mulleres**

Horario: tardes, de 17.30 a 21.30 h

Rúa Romil, 20. Tel.: 986 442 194

### Pontevedra

**Asesoría Xurídica Mulleribus**

**Asamblea de Mulleres de Pontevedra**

Benito Corbal, 36-1º. Tel.: 986 865 028

Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h

**Xanela.** Apartado 90. 36810 Redondela

### S.G.I.

Servicio telefónico de asesoramento gratuito

Tel.: 900-400 273

PUBLICIDADE



**AQUANOVA**  
viajes

Benito Corbal, 16  
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



**Jorian**  
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15  
Santiago de Compostela  
Tel.: 981 563 677



As irmás Jimena e Elisa Fernández de la Vega foron as primeiras mulleres licenciadas na Galiza. Ambas as dúas naceron a finais do século XIX en Vegadeo, fillas do médico Wenceslao Fernández de la Vega e Dolores Lombán. Esta última foi a que as animou a matricularse na universidade para estudar a carreira de Medicina, unha vez que xa se promulgara o Real Decreto que permitía o acceso das mulleres a todos os graos do ensino.

Á súa chegada á universidade compostelana, as dúas irmás foron increpadas e discriminadas tanto polo alumnado como polo profesorado e demais membros da comunidade universitaria.

A tal punto chegou o enfrontamento con elas que finalmente decidiron continuar os estudos por libre. Incorporáronse de novo ás aulas, unha vez que recibiron as desculpas públicas dun dos profesores que as insultara.

Tanto Elisa como Jimena tiveron un expediente académico brillante. Ambas as dúas optaron ao Premio Extraordinario de Fin de Carreira, e foi Jimena a que o acadou finalmente. Estudaron alemán e se doutoraron en Madrid.

Jimena marchou a Berlín, mentres que a súa irmá Elisa decidiu ficar no Estado español e casar. Viviría co seu marido en Sevilla e posteriormente en Zaragoza. Ela daba aulas na universidade e atendía consulta na casa, coidaba dos seus tres fillos, pronunciaba conferencias antibélicas e publicaba artigos científicos en distintas revistas especializadas. Antes de morrer, vítima dunha pneumonía aos 37 anos en 1933, fundou un albergue para indixentes. O seu marido, republicano el, exiliouse en Arxentina ao estourar a guerra civil.

Jimena, despois de estudar en Berlín, Xénova e Viena, comezou a traballar na cátedra de Gregorio Marañón. Escribiu un libro prologado por este último. Durante a guerra civil exerceu como médica en Compostela.

Rematada a guerra civil, Jimena foi para Madrid a dar aulas na facultade e a traballar no hospital de San Carlos. Finalmente, a finais dos anos corenta, sacou as oposicións a médica de balneario. Instalouse definitivamente no balneario de Guitiriz para coidar á súa nai ate a súa morte. Morta a nai, Jimena mudouse a Lanjarón (Granada), onde dirixiu o balneario ate a súa xubilación. En 1984, á idade de 90 anos, morreu en Santiago de Compostela.

# Jimena e Elisa Fernández de la Vega